



PLAN PARCIAL DO SOLO URBANIZABLE NON DELIMITADO SUND-01 A BREA

CONCELLO DE CUALEDRO (OURENSE)

TOMO 2. ESTUDO AMBIENTAL ESTRATÉXICO

ÍNDICE

1 ESBOZO DO CONTIDO DA PROPOSTA	6
1.1 Xustificación e motivación do Plan Parcial	6
1.2 Marco Normativo	7
1.3 Descrición xeral do ámbito de actuación e alcance temporal do Pan Parcial	13
1.4 Obxectivos principais do Plan Parcial.....	14
1.4.1 Obxectivos ambientais.....	16
1.5 Principais actuacións propostas no Plan Parcial e programa temporal.....	17
1.6 Relación con outros plans e programas	19
1.6.1 Directrices de Ordenación do Territorio (DOT)	19
1.6.2 Plans sectoriais concorrentes.....	21
2 DIAGNOSE AMBIENTAL DO ÁMBITO TERRITORIAL DE APLICACIÓN.....	22
2.1 Aspectos relevantes da situación actual do medio	22
2.1.1 Localización.....	22
2.1.2 Topografía e relevo. Xeomorfoloxía e litoloxía.	24
2.1.3 Climatoloxía	25
2.1.4 Hidroloxía	25
2.1.5 Usos do solo	26
2.1.6 Vexetación e fauna.....	27
2.1.6.1 Vexetación	27
2.1.6.1.1 Vexetación potencial e corolóxica.....	28
2.1.6.1.2 Vexetación real	29

2.1.6.2 Fauna	29
2.1.7 Espazos naturais especialmente protexidos ou fráxiles.....	36
2.1.8 Paisaxe	37
2.1.9 A Contorna urbana.....	38
2.1.9.1 A rede viaria existente	38
2.1.9.2 Infraestruturas de servizos.....	38
2.1.9.2.1 Rede de abastecemento de auga potable.....	38
2.1.9.2.2 Rede de saneamento	39
2.1.9.2.3 Rede de subministro de enerxía eléctrica	41
2.1.9.2.4 Rede de telecomunicacións.....	42
2.1.9.2.5 Rede de subministro de gas.....	43
2.1.10 Poboación	43
2.1.11 Patrimonio histórico.....	44
2.1.12 Exposición a riscos naturais e tecnolóxicos.....	45
Mapa de riscos: contorna e ámbito do Plan Parcial	46
2.2 Características ambientais das zonas que poidan verse afectadas de xeito significativo	46
2.2.1 Elementos estratéxicos do territorio	46
2.2.2 Variables que poidan verse afectadas de xeito significativo.....	47
2.3 Problemas ambientais existentes que sexan relevantes para o Plan Parcial.....	47
2.3.1 Impactos sobre o patrimonio cultural	47
2.3.2 Actual degradación paisaxística	48
2.3.3 Mobilidade	48
2.3.4 Contaminación acústica e atmosférica polo emprego do automóbil	48
3 OBXECTIVOS DE PROTECCIÓN AMBIENTAL E SELECCIÓN DE ALTERNATIVAS	49

3.1 Criterios xerais do Plan Parcial.....	49
3.2 Criterios ambientais estratéxicos.....	49
3.3 Obxectivos do Plan Parcial	52
3.3.1 Obxectivos ambientais.....	55
3.4 Coherencia dos obxectivos xerais e específicos da MP cos obxectivos ambientais	56
3.5 Alternativas	57
3.5.1 Alternativa 1.....	57
3.5.2 Alternativa 2.....	57
3.6 Motivos da selección da alternativa	58
3.6.1 Resumo da proposta da alternativa seleccionada, orzamento estimado e calendario aproximado de realización das actuacións.....	61
4 ANÁLISE DOS PROBABLES EFECTOS SIGNIFICATIVOS NO MEDIO	67
4.1 Efectos sobre a ocupación do solo.....	67
4.2 Efectos sobre a poboación.....	68
4.3 Efectos sobre a economía	68
4.5 Efectos sobre a mobilidade	69
4.6 Efectos sobre a paisaxe	69
4.7 Efectos sobre a Natureza	70
4.8 Efectos sobre o patrimonio cultural	71
4.9 Efectos sobre a enerxía	71
4.10 Efectos sobre a atmosfera	72
4.11 Efectos sobre o ciclo hídrico.....	73
4.12 Efectos sobre o ciclo dos materiais.....	74

4.13 Efectos ambientais previsibles durante a fase de urbanización	74
4.13.1 Efectos ambientais sobre a atmosfera	74
4.13.2 Efectos ambientais sobre o solo.....	74
4.13.3 Efectos ambientais sobre a xestión de residuos	74
5 MEDIDAS PREVISTAS	75
5.1 Táboa de actuacións, efectos, medidas e indicadores.	75
6 ANÁLISE DA COHERENCIA INTERNA E EXTERNA DO PLAN PARCIAL	80
6.1 Análise da coherencia interna do Plan Parcial.....	80
6.2 Coherencia da alternativa seleccionada e os seus obxectivos coas Directrices de Ordenación do Territorio	83
6.2.1 Análise de Compatibilidade Estratéxica	84
6.2.1.1 Consideración dos aspectos clave para a sustentabilidade	84
6.2.1.2 Proceso de decisión.....	89
6.2.1.3 Relación cos elementos territoriais estratéxicos de Galicia	90
7 SEGUIMIENTO AMBIENTAL DO PLAN PARCIAL	92
8 RESUMO NON TÉCNICO DO EAE.....	98
9 CARTOGRAFÍA.....	104

1 ESBOZO DO CONTIDO DA PROPOSTA

1.1 Xustificación e motivación do Plan Parcial

Actualmente o concello de Cualedro ten por planeamento vixente un Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente o 22 de novembro de 2010 e publicado o 2 de Decembro de 2010 no DOGA.

Dito PXOM redactouse ao abeiro da LOUGA, contando con unha Avaliación Ambiental Estratéxica na que se definen medidas correctoras para previr, reducir e, na medida do posible, corrixir calquera efecto negativo relevante no medio de aplicación do Plan.

O PXOM de Cualedro define o denominado "SUND A Brea", un Solo Urbanizable Non Delimitado Terciario-Industrial localizado na parroquia de Montes a carón do enlace da A-52 de Lamas, punto de máxima accesibilidade. Establece o desenvolvemento destas 16,03 ha mediante un Plan de Sectorización para a súa transformación en Solo Urbano, e define unha serie de criterios e determinacións para o seu desenvolvemento sostible, sempre dentro das estratexias do Plan e do marco xurídico vixente.

O Concello de Cualedro é consciente da necesidade de desenvolver este Solo para dar cumprimento ao PXOM e para cubrir a demanda existente de solo cualificado para usos industriais e terciarios, aproveitando as sinerxías do ámbito local e deste punto de máxima accesibilidade, e pulando polo desenvolvemento económico e poboacional do municipio xerando unha nova área de actividade de calidade que permita a actividade económica e a fixación da poboación. Así mesmo, o desenvolvemento deste solo permitirá ordenar e mellorar o estado actual do ámbito, desenvolvendo medidas e accións de efectos positivos na meirande parte das variables ambientais.

1.2 Marco Normativo

O planeamento de desenvolvemento redáctase ao abeiro da lexislación vixente que lle afecta, tendo coma lexislación de referencia principalmente:

URBANISMO E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Marco estatal:

- Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Ley del Suelo y Rehabilitación Urbana.

Marco autonómico:

- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación Ambiental.
- Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación territorial de Galicia.
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio.
- Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia.

Marco local:

- Normas Subsidiarias de Planeamento de Cambre (aprobadas definitivamente o 27 de Xuño de 1994 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia o 30 de Agosto de 1994).

PROTECCIÓN DA NATUREZA E PAISAXE

Marco estatal:

arquitecto e avogado

- Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio natural e da biodiversidade.
- Real Decreto 1421/2006, do 1 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres.
- Real Decreto 1193/1998, do 12 de xuño, polo que se modifica o Real Decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres.
- Real Decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres.

Marco autonómico:

- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.
- Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza.
- Decreto 67/2007, do 22 de maio, polo que se regula o catálogo galego de árbores senlleiros.
- Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados espazos como zonas de especial protección dos valores naturais.
- Decreto 82/1989, do 11 de maio, polo que se regula a figura de espazo natural en réxime de protección xeral.

PATRIMONIOMarco estatal:

- Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio histórico español.
- Real Decreto 111/1986, do 10 de xaneiro, de desenvolvemento parcial da Lei 16/1985.

Marco autonómico:

- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

- Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia.

CONTAMINACIÓN ELECTROMAGNÉTICA

Marco estatal:

- Lei 9/2014, do 9 de maio, Xeral de Telecomunicacións.
- Real Decreto 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece as Condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas.

RESIDUOS

Marco estatal:

- Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.
- Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.

Marco autonómico:

- Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.
- Decreto 59/2009, do 26 de febreiro, polo que se regula a rastrexabilidade dos residuos.
- Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

ATMOSFERA E CAMBIO CLIMÁTICO

Marco estatal:

- Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera.
- Real Decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, relativo á mellora da calidade do aire.

arquitecto e avogado

- Real Decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establece a Relación de actividades potencialmente contaminantes do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados.

Marco autonómico:

- Lei 8/2002, do 18 de decembro, de protección do ambiente atmosférico de Galicia.
- Orde do 3 de novembro de 2010 pola que se regula o outorgamento da autorización de gases de efecto invernadoiro, a considerar como instalación de baixas emisións e a solicitude de exclusión de instalacións de pequeno tamaño para o período 2013-2020.
- Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.

CONTAMINACIÓN ACÚSTICAMarco estatal:

- Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído.
- Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, pola que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas.
- Real Decreto 1513/2005, do 16 de decembro, pola que se desenvolve a Lei 37/2003, no referente á avaliación e xestión do ruído ambiental.
- Real Decreto 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios de calidade da auga de consumo humano.

Marco autonómico:

- Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

OUTRA LEXISLACIÓN SECTORIALMarco estatal:

- Real decreto legislativo 1/2001, de 20 de julio, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de aguas.

- Ley 43/2003, de 21 de noviembre, de Montes.
- Ley 10/2006, de 28 de abril, por la que se modifica la Ley 43/2003, de 21 de noviembre, de Montes.
- Real decreto-ley 4/2007, de 13 de abril, por el que se modifica el texto refundido de la Ley de Aguas, aprobado por el Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 de julio.
- Ley 27/2006, de 18 de julio, por la que se regulan los derechos de acceso a la información, de participación pública y de acceso a la justicia en materia de medio ambiente (incorpora las Directivas 2003/4/CE y 2003/35/CE).
- Ley 45/2007, de 13 de diciembre, para el desarrollo sostenible del medio rural.
- Real decreto 47/2007, de 19 de enero, por el que se aprueba el Procedimiento básico para la certificación de eficiencia energética de edificios de nueva construcción.
- Real decreto 505/2007, de 20 de abril, por el que se aprueban las condiciones básicas de accesibilidad y no discriminación de las personas con discapacidad para el acceso y utilización de los espacios públicos urbanizados y edificaciones.
- Real decreto 1027/2007, de 20 de Julio, por el que se aprueba el Reglamento de Instalaciones Térmicas en los Edificios.
- Real decreto 314/2006 por el que se aprueba el Código Técnico de la Edificación. Texto refundido con modificaciones del RD 1371/2007, de 19 de octubre, y corrección de errores del BOE de 25 de enero de 2008.
- Real decreto 9/2008, de 11 de enero, por el que se modifica el Reglamento del Dominio Público Hidráulico, aprobado por el Real Decreto 849/1986, de 11 de abril.
- Real decreto 266/2008, de 22 de febrero, por el que se modifica la Confederación Hidrográfica del Norte y se divide en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil y en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico.

Marco autonómico:

- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.
- Lei 12/2001 de modificación da Lei de Concentración Parcelaria de Galicia.

arquitecto e avogado

- Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.
- Lei 3/1996, de 10 de maio, de Protección dos Camiños de Santiago.
- Lei 8/2001 de protección da calidade das augas das rías de Galicia.
- Lei 8/2012, do 8 de setembro, de vivenda de Galicia.
- Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos.
- Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas.

1.3 Descrición xeral do ámbito de actuación e alcance temporal do Plan Parcial

O SUND 01 A Brea localízase no Concello de Cualedro, concretamente na Parroquia de Montes nun ámbito adxacente ao enlace da A-52. Trátase dun solo parcialmente artificializado por actividades e usos subsidiarios da Autovía de algo máis de 1,3 km de lonxitude de noroeste a surlleste, ata o límite do termo municipal, e un largo duns 200 m, paralela á Autovía, que discorre entre a Estrada de Cualedro á Nacional e a Agra de Rebordondo. Ten unha superficie de 160.298,44 m².

A área atópase moi antropizada, dada a súa localización no enlace da Autovía A-52 e afección das correspondentes infraestruturas e servizos vinculados a ela. Dentro do ámbito situase unha área de servizo – gasoliñeira e un restaurante. Motivo polo que non atopamos terreos de labor ou de algún valor singular.

No ámbito tamén atopamos uns miliarios, non sendo a súa localización orixinal, foron movidos por mor das obras da Autovía e contan cun pequeno espazo de observación e panel informativo.

Ilustración 1: Ámbito do Plan Parcial

IMAGEN DE FOTO AÉREA + DELIMITACIÓN

FONTE: elaboración propia

Ilustración 2: Reportaxe fotográfica

REPORTAXE FOTOGRÁFICA

FONTE: elaboración propia

O ámbito desenvólvese nuns terreos de escasa pendente, menor do 8%. Non conta con espazos naturais protexidos nin se atopa inxerido na Rede Natura 2000. O ámbito contará con todos os servizos urbanísticos.

1.4 Obxectivos principais do Plan Parcial

O principal obxectivo do Plan de Sectorización é desenvolver o SUND 01 A Brea definido no PXOM de Cualedro, establecendo as determinacións precisas para a ordenación e transformación en solo urbano do ámbito cualificado coma Solo Urbanizable Non Delimitado Terciario-industrial SUND 01 A Brea.

O PXOM define unha serie de obxectivos xerais e criterios de ordenación, formulando unha serie de estratexias para o seu desenvolvemento:

O1. A recuperación e posta en valor dos recursos produtivos primarios, medioambientais e do patrimonio cultural.

Estratexias:

- 1A. Protección dos recursos produtivos agrícolas, gandeiros e forestais.
- 1B. Contención na delimitación dos núcleos tradicionais para preservar os eidos, o ambiente e o característico patrimonio cultural do municipio.
- 1C. Preservación do sistema hídrico.
- 1D. Preservación dos valores patrimoniais.

O2. Potenciar o desenvolvemento económico relacionado coa transformación e o sector servizos.

Estratexias:

- 2A. Desenvolver un solo de uso terciario-industrial.
- 2B. Ordenación de Áreas de Actividade.
- 2C. Creación dun Centro de Desenvolvemento Local.

O3. A rehabilitación dos núcleos tradicionais.

Estratexias:

- 3A. Frear a substitución da vivenda tradicional.
- 3B. Reforzar a dinámica de rehabilitación da vivenda tradicional.
- 3C. Frear a dispersión das edificacións.
- 3D. Dar resposta ás necesidades de equipamento dos núcleos.
- 3E. Planificar a mellora dos servizos urbanísticos.
- 3F. Programar a mellora ambiental dos núcleos.

O4. Establecer criterios e programar actuacións para a mellora dos servizos públicos, infraestruturas e equipamentos.

Estratexias:

- 4A. Incrementar a accesibilidade aos bens e servizos, completando e mellorando a rede viaria, e fomentando a mobilidade sustentable.
- 4B. Equilibrar e completar as dotacións e equipamentos públicos.
- 4C. Mellorar e completar as redes do ciclo da auga.
- 4D. Optimizar a eliminación, e incluso reutilización, do lixo e residuos.
- 4E. Mellorar as redes telemáticas no municipio.
- 4F. Recuperar a riqueza da rúa e a diversidade do espazo público.

O Plan ten por Obxectivo Específico 02 o “Potenciar o desenvolvemento económico relacionado coa transformación e o sector servizos”, desenvolvido entre outras, pola Estratexia 2A “Desenvolver un solo de uso terciario-industrial”.

Este Obxectivo defínese tras a análise do territorio e das características sociais e económicas do concello, atopando o punto de máxima accesibilidade do nó da A-52, onde se atopan uns terreos segregados e vencellados á infraestrutura.

A meta desde solo de uso terciario-industrial é, por unha parte, “ordenar a área de servizos espontánea existente e potenciar a implantación de novas actividades empresariais vinculadas á infraestrutura viaria de altas prestacións”, e por outra parte, xerar un solo con capacidade para acoller actividades industriais, especialmente as xa presentes no concello, de forma sustentable, aplicando “na medida do posible, os principios da ecoloxía industrial, coa instalación preferente de empresas e actividades estreitamente vinculadas coas potencialidades produtivas primarias do municipio (agroforestais, mineiras e enerxéticas) e coas súas posibilidades de transformación e comercialización local, que permita xerar unha rede que imite o funcionamento dos ecosistemas naturais de tal xeito que se pechen os ciclos de materiais e enerxía e se establezan simbioses industriais (posibilitando que os residuos ou subprodutos dunha empresa ou actividade constitúan a materia prima de outra, e establecendo unha implicación do tecido empresarial na protección e xestión ambiental e nos obxectivos de sustentabilidade local)”.

1.4.1 Obxectivos ambientais

En base a análise do ámbito de estudo e tomando en conta as variables e criterios de sustentabilidade, establécense unha serie de obxectivos ambientais que complementan aos obxectivos xerais e específicos do Plan.

Defínense os Obxectivos Ambientais atendendo ao modelo territorial e ocupación do solo (sociedade, economía, medio urbano, mobilidade, solo, edificacións); conservación do medio (paisaxe, natureza, patrimonio); e metabolismo (enerxía, atmosfera, ciclo hídrico, ciclo de materiais), resultando:

OA 01 Potenciar o desenvolvemento das actividades económicas no municipio, desenvolvendo un novo solo para elas e reordenando e recualificando os espazos existentes.

OA 02 Desenvolver un modelo de ordenación sustentable, ordenado e eficiente, no que os usos se adapten as capacidades e características do solo.

OA 03 Reducir o impacto ambiental das actividades industriais e mellorar a ecoeficiencia.

OA 04 Contribuír á creación dunha contorna de traballo de calidade.

OA 05 Pular pola mobilidade sostible, xerando unha ordenación que favoreza a accesibilidade e os medios de transporte alternativos.

OA 06 Pular pola correcta integración paisaxística, minimizando os posibles impactos establecendo medidas correctoras.

OA 07 Protexer e poñer en valor os elementos do patrimonio cultural.

OA 08 Desenvolver un modelo de ordenación sustentable que facilite un menor consumo enerxético, promovendo o uso de enerxías renovables e dispositivos enerxéticos eficientes.

OA 09 Pular pola redución da emisión de contaminantes á atmosfera.

OA 10 Desenvolver un modelo de ordenación sustentable que teña en conta e garanta o ciclo hídrico en todas as súas fases e procesos, protexendo especialmente os cursos dos ríos e evitando a contaminación dos mesmos.

OA 11 Pular pola reutilización dos materiais, a reciclaxe dos residuos e a súa valorización.

1.5 Principais actuacións propostas no Plan Parcial e programa temporal

O Plan define un plan de etapas no que se determina a estratexia de actuación e os prazos de desenvolvemento.

O SUND 01 A Brea desenvolverase polo Sistema de Actuación de EXPROPIACIÓN.

As principais accións propostas son:

- Redacción do documento de ordenación do sector: o Plan Parcial
- Redacción do Proxecto de Expropiación
- Redacción do Proxecto de Urbanización
- Execución das obras de urbanización
- Recepción das obras de urbanización
- Obtención de licencias de edificación

Programa temporal:

A aprobación definitiva do Plan Parcial inicia o desenvolvemento do SUND 01 A Brea.

Deberá iniciarse a xestión do SUND coa constitución da xunta de compensación transcorridos máximo 18 MESES, contados a partires da notificación do acordo de aprobación definitiva do Plan Parcial.

O SUND 01 A Brea desenvólvese polo sistema de expropiación, seguindo a secuencia temporal:

1 Nun prazo máximo de 18 MESES, contados a partires da notificación do acordo de aprobación definitiva do Plan Parcial, o promotor deberá presentar e tramitar o proxecto de reparcelación. Transcorridos 18 meses sen constituír a xunta de compensación, o concello poderá optar por cambiar o sistema de xestión.

2 O promotor deberá presentar e tramitar o proxecto de urbanización, coa recepción polo Concello das obras previstas no correspondente proxecto de urbanización, nun prazo máximo de 18 MESES tras da publicación do acordo de aprobación definitiva do Plan Parcial.

3 Solicitudes de licenza e materialización da edificación sobre os solares nos prazos esixidos na licenza, cun prazo máximo de 48 MESES contados a partires da publicación do acordo de aprobación definitiva do Proxecto de Urbanización e de Reparcelación.

1.6 Relación con outros plans e programas

Para garantir a coherencia do Plan Parcial cos plans e programas que actúan sobre o territorio, estúdanse os seguintes:

- Directrices de Ordenación do Territorio (DOT)
- Plan Sectorial de Ordenación de Áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia
- Plan sectorial eólico
- Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia (2010-2020)
- Plan de saneamento de Galicia (2010-2015)
- Plan Auga (2010-2025)
- Plan territorial de emerxencia de Galicia, Platerga 2009
- Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, Pladiga 2016

No punto 6 do presente Estudo Ambiental Estratéxico analízase a coherencia tanto interna coma externa do Plan Parcial, así como a Análise da Compatibilidade estratéxica, para xustificar a coherencia do Plan con outros Plans e Programas e garantir a non existencia de conflitos cos mesmos.

1.6.1 Directrices de Ordenación do Territorio (DOT)

As Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) dan cumprimento ao mandato da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do territorio de Galicia, que define unha serie de instrumentos – entre os cales están as Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) – e establece os obxectivos e ferramentas mediante os cales se desenvolverá a ordenación territorial da Comunidade Autónoma, co obxectivo de “favorecer a utilización racional do

territorio galego e protexer o medio natural, mellorar a calidade de vida e contribuír ao equilibrio territorial, regula os diferentes instrumentos de ordenación do territorio, o seu contido e relación de interdependencia así como as canles procedementais para a súa elaboración e réxime de vixencia, modificación e revisión”.

As DOT teñen como finalidade básica “definir un modelo territorial para Galicia que permita orientar as actuacións sectoriais, dotándoas de coherencia espacial e das referencias necesarias para que se desenvolvan de acordo cos obxectivos xerais da política territorial de Galicia, conformando unha acción de goberno coordinada e eficaz”, polo que son a ferramenta que orienta e facilita o planeamento e desenvolvemento do territorio galego mediante a definición dun novo modelo territorial capaz de encarar o futuro e incorporar criterios de sustentabilidade, e dunha serie de normas e criterios que constitúan un marco xeral de referencia que coordine e compatibilice as distintas actuacións no territorio.

As Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia encadran ao termo municipal de Cualedro no espazo denominado como “espazo rural intermedio” vinculado funcionalmente á vila de Verín (integrante do “sistema urbano intermedio”, que constitúe o segundo chanzo na xerarquía do sistema urbano galego), e cun soporte produtivo agropecuario e forestal favorecido pola alta potencialidade agrolóxica das terras. Neste contexto, Cualedro debe pular pola fixación de actividades económicas que propicien o desenvolvemento económico e a fixación da poboación.

O Plan Parcial asume os principios e criterios das Directrices de Ordenación do Territorio, sendo coherente con elas, de xeito que non se prevén efectos negativos que afecten as determinacións establecidas nas DOT, dada a súa integración de criterios de sustentabilidade e a súa localización nunha contorna artificializada.

1.6.2 Plans sectoriais concorrentes

Ademais das Directrices de Ordenación do Territorio DOT foron analizados os seguintes Plans Sectoriais co fin de localizar posibles efectos entre as súas determinacións e a nova planificación proposta:

- Plan sectorial eólico
- Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia (2010-2020)
- Plan de saneamento de Galicia (2010-2015)
- Plan Auga (2010-2025)
- Plan Sectorial de Ordenación de Áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia
- Plan territorial de emerxencia de Galicia, Platerga 2009
- Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, Pladiga 2016

Dada a pequena dimensión do ámbito, non se prevén efectos negativos xerados polo Plan Parcial que poidan afectar a ditos instrumentos de planeamento.

2 DIAGNOSE AMBIENTAL DO ÁMBITO TERRITORIAL DE APLICACIÓN

2.1 Aspectos relevantes da situación actual do medio

2.1.1 Localización

O SUND 01 A Brea localízase no Concello de Cualedro.

O Concello de Cualedro sitúase ao sur da provincia de Ourense, limitando ao norte con Laza e Sarreaus, ao leste con Laza e Monterrei, ao oeste con Baltar, Xinzo de Limia, Trasmiras e Sarreaus, e ao sur con Portugal. Pertence á Comarca de Verín, integrada ademais polos municipios de Laza, Castrelo do Val, Riós, Monterrei, Verín, Oímbra e Vilardevós. Cualedro abrangue unha superficie de 117,6 km² e acolle unha poboación de 1.721 habitantes (INE, 2017) distribuídas en 10 parroquias: Atás, Baldriz, Carzoá, Cualedro, Lucenza, Montes, Rebordondo, San Millao, Vilela e A Xironda.

O concello de Cualedro na última década sofre un decrecemento da súa poboación polo que compe prover de áreas de actividade atractivas que permitan o desenvolvemento económico e supoñan un polo de atracción e oportunidade para a xente nova:

Táboa 1: Evolución da poboación en Cualedro

2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
2.148	2.092	2.049	2.041	1.993	1.924	1.876	1.808	1.840	1.792	1.721

FONTE: IGE 2018

A idade media do concello é de 57,83 anos (IGE, 2017) cunha pirámide de poboación na que o maior porcentaxe é o da poboación de 20 a 64 anos, a en idade de traballar.

Os ámbito do SUND 01 A Brea sitúase na parroquia de Montes nun ámbito adxacente ao enlace da A-52 e afectado pola infraestrutura. Esténdese a carón da Autovía ao longo de algo máis de 1,3 km de lonxitude de noroeste a surlleste, ata o límite do termo municipal, e un largo

duns 200 m, paralela á Autovía, que discorre entre a Estrada de Cualedro á Nacional e a Agra de Rebordondo.

Ilustración 2: Foto aérea de conxunto do ámbito da MP

INCRUSTAR IMAGEN

FONTE: elaboración propia.

Ilustración 3: Imaxes

INCRUSTAR IMAGENES

O ámbito contará con todos os servizos urbanísticos.


2.1.2 Topografía e relevo. Xeomorfoloxía e litoloxía.

O termo municipal de Cualedro caracterízase por ocupar unha estreita franxa de terreo elevado encadrado entre as depresións da Limia e de Monterrei, diferenciándose dúas grandes unidades: por unha banda unha zona montañosa que percorre o termo de norleste a suroeste (o sistema dos Montes de Meda e a Serra do Larouco), e por outra o planalto, cun maior desenvolvemento superficial.

Con respecto ao contexto xeolóxico, Cualedro sitúase dentro do Macizo Hespérico, estando representadas as zonas de Galicia Tras-Os-Montes (ZGTM) e as rochas graníticas hercínicas. O ámbito preséntase no dominio das rochas graníticas, granitoides de dúas micas con tendencia alcalina.

Con respecto á edafoloxía, nas terras achaiadas dominan os Cambisoles.

Ilustración 4: Xeoloxía



Fonte: IGME, 2018

No ámbito, os terreos son significativamente chairros, a topografía confórmase por un relevo moi suave, con pendentes moderadas.

2.1.3 Climatoloxía

O ámbito correspóndese cun dominio climático oceánico de montaña, aínda que no concello atopamos tamén nos sectores máis meridionais e setentrionais un dominio oceánico continental con tendencia mediterránea (cuncas dos ríos Castro e Porto do Rei, Baldriz e Trasmiras); esta convivencia ven dada pola divisoria montañosa que separa ás depresións de Monterrei e da Limia, feito que provoca unhas temperaturas frescas, especialmente entre novembro e abril.

Segundo a Clasificación Climática de Allué, o territorio encadraríase dentro da subrexión fitoclimática Mediterránea subhúmida de tendencia centroeuropea [IV (VI)].

A temperatura media anual é de 11,2 °C, cunha amplitude térmica extrema que rolda os 25°C. A precipitación media anual é de 1.138 mm, cunha acusada seca estival que abrangue os meses de xullo e agosto. As xeadas son frecuentes, comezando o risco de xeadas a mediados de outubro e desaparecendo a mediados da primavera.


En canto á radiación solar, os valores acadados na comarca son os máis altos de Galicia.

2.1.4 Hidroloxía

A nivel hidrográfico, Cualedro está encadrado na Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (REAL DECRETO 266/2008, de 22 de febreiro, polo que se modifica a Confederación Hidrográfica do Norte e se divide na Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e na Confederación Hidrográfica do Cantábrico) e na Confederación Hidrográfica do Douro. Segundo a zonificación, o municipio de Cualedro pertence ás Concas Hidrográficas dos Ríos Limia (Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil) e do Támega (Demarcación Hidrográfica do Douro).

En concreto, o ámbito inxírese na Demarcación Hidrográfica do Douro.

Non discorre o ámbito do SUND ningún cursos fluviais nin existe risco de asolagamento.




2.1.5 Usos do solo

No ámbito existen actualmente diferentes usos. Na contorna do enlace da Autovía das Rías Baixas desenvólvense usos urbanos, de restauración e relacionados coas infraestruturas viarias e transporte.

Ao leste do ámbito persiste unha pequena zona de uso agrícola, aínda que abandonado na súa meirande parte na actualidade. No borde oeste existía unha pequena faixa de uso forestal que ardeu.

Ilustración 5: Usos do solo



FONTE: SIOSE, 2018

2.1.6 Vexetación e fauna

Realizouse un estudo da vexetación e fauna real existente no ámbito do SUND. En primeiro lugar, analizouse o Banco de Datos da Biodiversidade de España, cos seus correspondentes status nos diferentes catálogos e textos legais, e realizouse un traballo de campo para comprobar a presenza real das especies.

O ámbito localízase na cuadrícula 29TPG24 coincidindo co LIC Río Támega ao seu paso polo concello de Verín, o que fai que apareza na cuadrícula unha profusión de especies, mais a vexetación e fauna real presente no ámbito do SUND é moi limitado xa que se trata dun espazo fortemente antropizado pola afección da Autovía A-52.

2.1.6.1 Vexetación

A vexetación existente no ámbito é moi diferente da potencial dado o carácter antropizado da peza. Será necesario estudar a posibilidade de incorporar a vexetación característica da contorna para incorporala nos espazos libres do SUND.

2.1.6.1.1 Vexetación potencial e corolóxica

Entendemos vexetación potencial aquela correspondente ao óptimo estable ou climax. Estudouse o Mapa de Series de Vexetación de España (Salvador Rivas Martínez, 1987) para a análise da vexetación, resultando que a área de estudo, en canto á división corolóxica, atópase en:

- reino Holártico
 - o rexión Eurosiberiana
 - subrexión Atlántica–Medioeuropea
 - superprovincia Atlántica
 - o provincia Cántabro-Atlántica
 - subprovincia Astur–Galaica
 - sector Ourensán-Sanabrés
 - subsector Maragato Sanabrense

Deste xeito, a vexetación potencial correspóndese co cerquedo supramediterráneo ourensán-sanabrés húmido e hiperhúmido, Holco molli-Quercetum pyrenaicae facies continental con Erica aragonensis, que se estende en particular sobre solos silicícolas pobres en bases.

Consultados os diferentes catálogos e textos legais, atopamos as seguintes referencias de flora para a vexetación potencial:

Táboa 2: Vexetación potencial - flora

FLORA	INTERNACIONAL			EUROPEO		ESTATAL	GALEGO	
	BERNA	BONN	CITES	DAVES	DHAB	CNEA	CGEA	REIG
Cladonia subgenus Cladina					V			

arquitecto e avogado

Dactylorhiza elata			II					
Narcissus bulbocodium					V			
Narcissus cyclamineus					II, IV		V	
Narcissus triandrus	I				IV			
Ruscus aculeatus					V			
Serapias cordigera			II					
Serapias lingua			II					
Serapias parviflora			II					
Solieria chordalis							V	
Spiranthes aestivalis	I		II		IV		V	

FONTE: SITEB, 2018

2.1.6.1.2 Vexetación real

No traballo de campo comprobouse a vexetación real existente no ámbito da Modificación Puntual. Trátase, coma dixemos, duns terreos moi antropizados no bordo da trama urbana. No interior da peza atopamos un gran baleiro que se corresponde cos espazos das antigas cortiñas, na actualidade totalmente en desuso.

No bordo sur obsérvase unha masa de arboredo, composto principalmente por froiteiros (cerdeiras, pereiros, maceiras) e loureiros. Salientar un castiñeiro preto do bordo norte, de bo porte, susceptible de ser incorporado aos espazos libres do ámbito.

Ilustración 6: Arboredo do ámbito

Ilustración 7: Arboredo do ámbito

2.1.6.2 Fauna

Con respecto á fauna existente no ámbito do SUND, atopamos as especies previsibles de zonas fortemente antropizadas – invertebrados, aves e pequenos mamíferos – dada a barreira que supón a A-52, mais a súa presenza non é significativa.

arquitecto e avogado

Nembargante, analizouse o Banco de Datos da Biodiversidade de España para o ámbito do SUND, en concreto a cuadrícula 29TPG24 da malla 10x10 e a cuadrícula **NH5393** da malla 1x1, que mostran a potencial presenza de fauna incluída nalgún catálogo ou listado oficial, tal como se reflicte nas seguintes táboas; lembrar que o ámbito atópase nunha contorna moi antropizada e alterada, con poucas oportunidades de acoller fauna endémica:

Táboa 3: Banco de Datos da Biodiversidade

INVERTEBRADOS			
Nome	Xénero	Especie	Descrición Orixe CUTM
Dupophilus brevis	Dupophilus	brevis	Atlas e Libro Vermello dos Coleópteros Acuáticos de España
Elmis aenea	Elmis	aenea	Atlas e Libro Vermello dos Coleópteros Acuáticos de España
Elona quimperiana	Elona	quimperiana	Atlas e Libro Vermello dos Coleópteros Acuáticos de España (Especies vulnerables)
Hydraena brachymera	Hydraena	brachymera	Atlas e Libro Vermello dos Coleópteros Acuáticos de España
Limnius volckmari	Limnius	volckmari	Atlas e Libro Vermello dos Coleópteros Acuáticos de España
Lucanus cervus	Lucanus	cervus	Atlas e Libro Vermello dos Coleópteros Acuáticos de España (Especies vulnerables)
Oulimnius bertrandi	Oulimnius	bertrandi	Atlas e Libro Vermello dos Coleópteros Acuáticos de España
Silphotrupes punctatissimus	Silphotrupes	punctatissimus	Atlas e Libro Vermello dos Coleópteros Acuáticos de España (Especies vulnerables)

ANFIBIOS			
Nome	Xénero	Especie	Descrición Orixe CUTM
Alytes obstetricans	Alytes	obstetricans	Atlas e Libro Vermello dos Anfibios e Réptiles de España
Bufo calamita	Bufo	calamita	Atlas e Libro Vermello dos Anfibios e Réptiles de España
Chioglossa	Chioglossa	lusitanica	Atlas e Libro Vermello dos Anfibios e

arquitecto e avogado

lusitanica			Réptiles de España
Discoglossus galganoi	Discoglossus	galganoi	Atlas e Libro Vermello dos Anfibios e Réptiles de España
Hyla arborea	Hyla	arborea	Atlas e Libro Vermello dos Anfibios e Réptiles de España
Lissotriton boscai	Lissotriton	boscai	Atlas e Libro Vermello dos Anfibios e Réptiles de España
Lissotriton helveticus	Lissotriton	helveticus	Atlas e Libro Vermello dos Anfibios e Réptiles de España
Pelophylax perezi	Pelophylax	perezi	Atlas e Libro Vermello dos Anfibios e Réptiles de España
Rana iberica	Rana	iberica	Atlas e Libro Vermello dos Anfibios e Réptiles de España
Rana iberica	Rana	iberica	Atlas e Libro Vermello dos Anfibios e Réptiles de España
Rana perezi	Rana	perezi	Atlas e Libro Vermello dos Anfibios e Réptiles de España
Rana temporaria	Rana	temporaria	Atlas e Libro Vermello dos Anfibios e Réptiles de España
Salamandra salamandra	Salamandra	salamandra	Atlas e Libro Vermello dos Anfibios e Réptiles de España
Triturus marmoratus	Triturus	marmoratus	Atlas e Libro Vermello dos Anfibios e Réptiles de España

RÉPTILES			
Nome	Xénero	Especie	Descrición Orixe CUTM
Anguis fragilis	Anguis	fragilis	Atlas e Libro Vermello dos Anfibios e Réptiles de España
Chalcides striatus	Chalcides	striatus	Atlas e Libro Vermello dos Anfibios e Réptiles de España
Coronella austriaca	Coronella	austriaca	Atlas e Libro Vermello dos Anfibios e Réptiles de España
Coronella girondica	Coronella	girondica	Atlas e Libro Vermello dos Anfibios e Réptiles de España
Iberolacerta monticola	Iberolacerta	monticola	Atlas e Libro Vermello dos Anfibios e Réptiles de España
Lacerta lepida	Lacerta	lepida	Atlas e Libro Vermello dos Anfibios e Réptiles de España
Lacerta schreiberi	Lacerta	schreiberi	Atlas e Libro Vermello dos Anfibios e Réptiles de España

arquitecto e avogado

Natrix maura	Natrix	maura	Atlas e Libro Vermello dos Anfibios e Réptiles de España
Natrix natrix	Natrix	natrix	Atlas e Libro Vermello dos Anfibios e Réptiles de España
Podarcis bocagei	Podarcis	bocagei	Atlas e Libro Vermello dos Anfibios e Réptiles de España
Timon lepidus	Timon	lepidus	Base de Datos Herpetológica, 2011
Vipera seoanei	Vipera	seoanei	Atlas e Libro Vermello dos Anfibios e Réptiles de España

PEIXES CONTINENTAIS

Nome	Xénero	Especie	Descrición Orixe CUTM
Anguilla anguilla	Anguilla	anguilla	Atlas e Libro Vermello dos Peixes Continentais de España
Chondrostoma duriense	Chondrostoma	duriense	Atlas e Libro Vermello dos Peixes Continentais de España
Salmo trutta	Salmo	trutta	Atlas e Libro Vermello dos Peixes Continentais de España

AVES

Nome	Xénero	Especie	Descrición Orixe CUTM
Accipiter gentilis	Accipiter	gentilis	Libro Vermello das Aves de España
Accipiter nisus	Accipiter	nisus	Libro Vermello das Aves de España
Acrocephalus arundinaceus	Acrocephalus	arundinaceus	Libro Vermello das Aves de España
Acrocephalus schoenobaenus	Acrocephalus	schoenobaenus	PASER 2008
Acrocephalus scirpaceus	Acrocephalus	scirpaceus	PASER 2008
Aegithalos caudatus	Aegithalos	caudatus	Libro Vermello das Aves de España
Alcedo atthis	Alcedo	atthis	PASER 2008
Alectoris rufa	Alectoris	rufa	Libro Vermello das Aves de España
Anas clypeata	Anas	clypeata	Libro Vermello das Aves de España
Anas platyrhynchos	Anas	platyrhynchos	Libro Vermello das Aves de España
Anas strepera	Anas	strepera	Libro Vermello das Aves de España
Anthus trivialis	Anthus	trivialis	Libro Vermello das Aves de España
Apus apus	Apus	apus	Libro Vermello das Aves de España
Aythya fuligula	Aythya	fuligula	Libro Vermello das Aves de España

arquitecto e avogado

Buteo buteo	Buteo	buteo	Libro Vermello das Aves de España
Caprimulgus europaeus	Caprimulgus	europaeus	Libro Vermello das Aves de España
Carduelis cannabina	Carduelis	cannabina	Libro Vermello das Aves de España
Carduelis carduelis	Carduelis	carduelis	Libro Vermello das Aves de España
Carduelis chloris	Carduelis	chloris	PASER 2008
Certhia brachydactyla	Certhia	brachydactyla	Libro Vermello das Aves de España
Cettia cetti	Cettia	cetti	PASER 2008
Cinclus cinclus	Cinclus	cinclus	Libro Vermello das Aves de España
Circus pygargus	Circus	pygargus	Libro Vermello das Aves de España
Cisticola juncidis	Cisticola	juncidis	PASER 2008
Columba domestica	Columba	domestica	Libro Vermello das Aves de España
Columba livia/domestica	Columba	livia/domestica	Libro Vermello das Aves de España
Columba palumbus	Columba	palumbus	Libro Vermello das Aves de España
Corvus corone	Corvus	corone	Libro Vermello das Aves de España
Coturnix coturnix	Coturnix	coturnix	Libro Vermello das Aves de España
Cuculus canorus	Cuculus	canorus	Libro Vermello das Aves de España
Delichon urbicum	Delichon	urbicum	Libro Vermello das Aves de España
Dendrocopos major	Dendrocopos	major	Libro Vermello das Aves de España
Emberiza calandra	Emberiza	calandra	Libro Vermello das Aves de España
Emberiza cirrus	Emberiza	cirrus	Libro Vermello das Aves de España
Emberiza schoeniclus	Emberiza	schoeniclus	PASER 2008
Erithacus rubecula	Erithacus	rubecula	PASER 2008
Falco peregrinus	Falco	peregrinus	Libro Vermello das Aves de España
Falco subbuteo	Falco	subbuteo	Libro Vermello das Aves de España
Falco tinnunculus	Falco	tinnunculus	Libro Vermello das Aves de España
Fringilla coelebs	Fringilla	coelebs	PASER 2008
Fulica atra	Fulica	atra	Libro Vermello das Aves de España
Gallinula chloropus	Gallinula	chloropus	Libro Vermello das Aves de España
Garrulus glandarius	Garrulus	glandarius	PASER 2008
Hippolais polyglotta	Hippolais	polyglotta	PASER 2008
Hirundo rustica	Hirundo	rustica	PASER 2008
Ixobrychus minutus	Ixobrychus	minutus	Libro Vermello das Aves de España
Lanius collurio	Lanius	collurio	Libro Vermello das Aves de España
Locustella naevia	Locustella	naevia	Libro Vermello das Aves de España
Milvus migrans	Milvus	migrans	Libro Vermello das Aves de España

arquitecto e avogado

Motacilla alba	Motacilla	alba	Libro Vermello das Aves de España
Motacilla cinerea	Motacilla	cinerea	Libro Vermello das Aves de España
Motacilla flava	Motacilla	flava	Libro Vermello das Aves de España
Oriolus oriolus	Oriolus	oriolus	Libro Vermello das Aves de España
Parus ater	Parus	ater	Libro Vermello das Aves de España
Parus caeruleus	Parus	caeruleus	PASER 2008
Parus cristatus	Parus	cristatus	Libro Vermello das Aves de España
Parus major	Parus	major	PASER 2008
Passer domesticus	Passer	domesticus	PASER 2008
Passer montanus	Passer	montanus	Libro Vermello das Aves de España
Phoenicurus ochrurus	Phoenicurus	ochrurus	PASER 2008
Phylloscopus collybita/ibericus	Phylloscopus	collybita/ibericus	Libro Vermello das Aves de España
Phylloscopus ibericus	Phylloscopus	ibericus	PASER 2008
Pica pica	Pica	pica	Libro Vermello das Aves de España
Picus viridis	Picus	viridis	Libro Vermello das Aves de España
Podiceps cristatus	Podiceps	cristatus	Libro Vermello das Aves de España
Prunella modularis	Prunella	modularis	PASER 2008
Ptyonoprogne rupestris	Ptyonoprogne	rupestris	Libro Vermello das Aves de España
Pyrrhula pyrrhula	Pyrrhula	pyrrhula	PASER 2008
Rallus aquaticus	Rallus	aquaticus	Libro Vermello das Aves de España
Regulus ignicapilla	Regulus	ignicapilla	Libro Vermello das Aves de España
Saxicola torquatus	Saxicola	torquatus	PASER 2008
Serinus serinus	Serinus	serinus	PASER 2008
Streptopelia decaocto	Streptopelia	decaocto	Libro Vermello das Aves de España
Streptopelia turtur	Streptopelia	turtur	Libro Vermello das Aves de España
Strix aluco	Strix	aluco	Libro Vermello das Aves de España
Sturnus unicolor	Sturnus	unicolor	Libro Vermello das Aves de España
Sylvia atricapilla	Sylvia	atricapilla	PASER 2008
Sylvia borin	Sylvia	borin	Libro Vermello das Aves de España
Sylvia melanocephala	Sylvia	melanocephala	PASER 2008
Sylvia undata	Sylvia	undata	Libro Vermello das Aves de España
Tachybaptus ruficollis	Tachybaptus	ruficollis	Libro Vermello das Aves de España
Troglodytes	Troglodytes	troglodytes	PASER 2008

arquitecto e avogado

trogodytes			
Turdus merula	Turdus	merula	PASER 2008
Turdus philomelos	Turdus	philomelos	Libro Vermello das Aves de España
Tyto alba	Tyto	alba	Libro Vermello das Aves de España
Tyto alba	Tyto	alba	Libro Vermello das Aves de España

MAMÍFEROS			
Nome	Xénero	Especie	Descrición Orixe CUTM
Apodemus sylvaticus	Apodemus	sylvaticus	Atlas e Libro Vermello dos Mamíferos Terrestres de España
Arvicola sapidus	Arvicola	sapidus	Atlas e Libro Vermello dos Mamíferos Terrestres de España
Capreolus capreolus	Capreolus	capreolus	Atlas e Libro Vermello dos Mamíferos Terrestres de España
Crocidura russula	Crocidura	russula	Atlas e Libro Vermello dos Mamíferos Terrestres de España
Crocidura suaveolens	Crocidura	suaveolens	Atlas e Libro Vermello dos Mamíferos Terrestres de España
Eptesicus serotinus	Eptesicus	serotinus	Atlas e Libro Vermello dos Mamíferos Terrestres de España
Erinaceus europaeus	Erinaceus	europaeus	Atlas e Libro Vermello dos Mamíferos Terrestres de España
Felis silvestris	Felis	silvestris	Atlas e Libro Vermello dos Mamíferos Terrestres de España
Genetta genetta	Genetta	genetta	Atlas e Libro Vermello dos Mamíferos Terrestres de España
Lutra lutra	Lutra	lutra	Atlas e Libro Vermello dos Mamíferos Terrestres de España
Meles meles	Meles	meles	Atlas e Libro Vermello dos Mamíferos Terrestres de España
Microtus agrestis	Microtus	agrestis	Atlas e Libro Vermello dos Mamíferos Terrestres de España
Microtus lusitanicus	Microtus	lusitanicus	Atlas e Libro Vermello dos Mamíferos Terrestres de España
Mus musculus	Mus	musculus	Atlas e Libro Vermello dos Mamíferos Terrestres de España
Neovison vison	Neovison	vison	Atlas e Libro Vermello dos Mamíferos Terrestres de España
Oryctolagus cuniculus	Oryctolagus	cuniculus	Atlas e Libro Vermello dos Mamíferos Terrestres de España

Pipistrellus pipistrellus	Pipistrellus	pipistrellus	Atlas e Libro Vermello dos Mamíferos Terrestres de España
Pipistrellus pygmaeus	Pipistrellus	pygmaeus	Atlas e Libro Vermello dos Mamíferos Terrestres de España
Rattus norvegicus	Rattus	norvegicus	Atlas e Libro Vermello dos Mamíferos Terrestres de España
Rattus rattus	Rattus	rattus	Atlas e Libro Vermello dos Mamíferos Terrestres de España
Sciurus vulgaris	Sciurus	vulgaris	Atlas e Libro Vermello dos Mamíferos Terrestres de España
Sorex granarius	Sorex	granarius	Atlas e Libro Vermello dos Mamíferos Terrestres de España
Sorex minutus	Sorex	minutus	Atlas e Libro Vermello dos Mamíferos Terrestres de España
Sus scrofa	Sus	scrofa	Atlas e Libro Vermello dos Mamíferos Terrestres de España
Talpa occidentalis	Talpa	occidentalis	Atlas e Libro Vermello dos Mamíferos Terrestres de España
Vulpes vulpes	Vulpes	vulpes	Atlas e Libro Vermello dos Mamíferos Terrestres de España

2.1.7 Espazos naturais especialmente protexidos ou fráxiles

No ámbito non se atopan espazos naturais protexidos nin pertencentes á Rede Natura 2000. Os espazos de maior interese natural máis reseñables do concello son a Serra do Larouco e os corredores fluviais da cabeceira dos ríos Támega e Limia e os seus humedais e fragas asociadas, pero as súas delimitacións non se atopan na contorna do SUND.

Na zona leste do ámbito, a menos antropizada, atopamos matogueiras, que son as formacións vexetais de maior desenvolvemento superficial no municipio, froito da degradación do bosque caducifolio.

Non atopamos nin especies protexidas nin árbores senlleiras.

- Habitats de interese comunitario: Anexo I da Directiva 92/43/CEE:

- o 4090-Queroigais oromediterráneos endémicos con toxos

Ilustración 8: Hábitats 4090



FONTE: Banco de datos da Natureza, MAGRAMA, 2018

Ilustración 9: Espazos naturais protexidos

Fonte: CMATI, 2018

Zona protección de la avifauna

2.1.8 Paisaxe

Dende as fases iniciais da redacción do Plan Parcial, a paisaxe é entendida coma un valor que debe ser incorporado ao planeamento coma un elemento estratéxico. Deste xeito, realizouse un estudo da paisaxe na contorna da delimitación do SUND prestando especial atención aos elementos que a definen, tanto positivos (miliarios, arboredo, camiño tradicional, etcétera) coma negativos (autovía, parcelario baleiro, carteis publicitarios de gran formato, etcétera).

Coma síntese salientar que no ámbito do SUND non se localiza ningún espazo protexido normativamente polo seu interese paisaxístico ou natural. Os terreos atópanse nun terreo chaira a carón da autovía, cunha pendente moi suave, localizándose o punto máis elevado no extremo oeste do ámbito. Visualmente ten interese preservar os eixos visuais cara ao norte, cara a Agra de Rebordondo “formada por asociacións de bloques de cultivo provistos de cerrumes xerais de pedra e divididos interiormente en parcelas abertas” (Bouhier, 2001), de alto valor paisaxístico, e por en valor o espazo ocupado polos miliarios, polo que deberán establecerse medidas de integración paisaxística para evitar efectos negativos nesta variable.

Ilustración 10: Paisaxe

2.1.9 A Contorna urbana

2.1.9.1 A rede viaria existente

O ámbito do SUND localízase a carón do enlace da A-52, discorrendo paralelo a dita autovía. A presenza do enlace da A-52 converte o ámbito nun punto de máxima accesibilidade tanto para as conexións do concello e concellos limítrofes (coma Verín) como de localización de certos usos que precisen de conexión rápida coas redes estatais.

Vertébrase polo cruce da estrada de enlace coa Estrada Nacional N-525 e a estrada Rebordondo-Montes.

2.1.9.2 Infraestruturas de servizos

2.1.9.2.1 Rede de abastecemento de auga potable

- O fornecemento de auga captará recursos hídricos procedentes das augas subterráneas.
- Segundo as conclusións do Informe de Sustentabilidade Ambiental, deberase amplia-la capacidade de extracción, bombeo e potabilización.
- Deseñarase unha nova ETAP de tipo físico-químico que cubra os procesos de reacción e mestura, filtración e desinfección.

- As infraestruturas serán formuladas en detalle no correspondente Proxecto de urbanización.
- Deberase construír no ámbito un depósito cunha capacidade suficiente para atender axeitadamente as necesidades de abastecemento de auga do Parque Empresarial.
- As necesidades hídricas do Parque Empresarial deberán ser obxecto dunha avaliación específica nun Informe que xustifique a dispoñibilidade dos recursos en función da demanda, e deberánse obter as preceptivas autorizacións de captación de recursos.
- Diseñárase unha rede mixta, mallada, ramificada e apoiada nas rúas principais. Dadas as condicións xeométricas da rede viaria do sector e a dimensión dos cuarteiróns, propónse un deseño da rede fiel á malla viaria.
- A rede interior quedará dividida en sectores mediante chaves de paso, situadas de forma que en caso de avaría dun tramo non implique o peche das chaves en conducións de diámetro superior.
- Previuse dotar á urbanización dunha rede de hidrantes contra incendios, de xeito tal que puidese permitir o funcionamento simultáneo de dous hidrantes consecutivos durante dúas horas cun caudal de 1.000 l/min e unha presión de 10 m.c.a. Colocaranse a unha distancia mínima de 100 m.
- Os tubos de auga potable irán a unha profundidade mínima de 0,60 m, con reforzos mediante envolvente de formigón nos cruces de calzada, e circularán sempre a cota superior ós de saneamento.

Establecerase en tódas as zonas de parque e xardín de Sistema Local unha instalación de rega para un consumo de 20 m³/ha, con bocas conectadas a redes independentes derivadas da rede xeral

2.1.9.2.2 Rede de saneamento

- O solo urbanizable disporá dun sistema separativo de saneamento, no que se diferenciarán as redes de augas residuais e as redes de pluviais. As augas pluviais conduciranse cara un depósito de retención, laminación e decantación ou outro sistema de almacenamento e tratamento que permita a reutilización na urbanización das augas pluviais, e as augas residuais cara a EDAR prevista de forma que se asegure a axeitada depuración destas augas. O vertido producirase a través do emisario nun único punto no Rego de Lamas.
- Non se diversifican as áreas de captación dos recursos hídricos. Tanto as redes de abastecemento coma as de saneamento están na mesma cunca de vertido e, polo tanto, respéctase o escoamento natural e evítase o transvase de augas entre cuncas.
- Na construción das redes utilizaranse canalizacións soterradas de PVC corrugado dobre parede con rixidez 8 KN/m² (SN-8), con unión por copa con xunta elástica segundo as normas UNE EN 1456 e UNE EN 13476. A instalación será en zanxa, de xeito que a xeratriz superior da mesma quede a unha profundidade igual ou maior que 1,50 m para a rede de fecais e 1,00 m para a rede de pluviais, respecto do nivel do pavimento rematado.

- **Rede de saneamento de augas pluviais.**

- o Contémplase unha rede independente para evacuar as augas pluviais. Terase en conta a topografía natural do terreo e a posibilidade de de evacuar as augas sobre as dúas concas de recollida posibles, polo sistema de gravidade.
- o Para o cálculo da rede de augas pluviais, os caudais tómanse dos datos pluviométricos oficiais nos que consta que a precipitación media anual é de 1.138 mm.
- o Nas instalacións e edificacións implantarase un sistema de recollida e almacenamento de augas pluviais para o seu uso nos diferentes usos e procesos industriais, sistemas mecánicos de refrixeración do aire, ACS ou como abastecemento para usos que non precisan de augas coa certificación da súa potabilidade.
- o Sempre que sexa posible, evacuaranse as augas sobre as zonas verdes existentes, utilizando foxos filtrantes.
- o En todo caso se procurarán os recorridos de menor lonxitude ata a súa descarga nos canles receptivos.
- o Disporanse sistemas de desareado e desengraxado previo ao seu vertido, para evitar contaminacións da rede fluvial.

- **Rede de saneamento de augas fecais.**

- o Nas edificacións e instalacións industriais reduciranse en orixe as augas e contaminantes a tratar, implantando tecnoloxías de aforro e de reciclaxe das augas, e deséñase unha rede de saneamento que separa augas negras e augas grises.
- o As empresas resolverán no interior das súas parcelas a depuración das augas residuais producidas, implantando procesos eficientes de pretratamento ou tratamento das augas en función da natureza da actividade, previa ao vertido ás redes de saneamento que as trasladarán cara a EDAR prevista.
- o A EDAR do interior de Parque Empresarial terá as características dunha estación de tipo industrial, e poderá ser modular sempre e cando se dimensione suficientemente para o caudal previsto. Como mínimo a estación constará dunha primeira fase de pretratamento, unha segunda fase de depuración biolóxica e unha terceira fase de decantación.
- o Vixiarase o cumprimento dos parámetros mínimos de calidade da auga depurada, para permitir o seu vertido a través do emisario a construír.
- o Para o deseño da rede tómase como volume de auga residual o mesmo valor obtido para o abastecemento de auga.

- o Esta rede de augas residuais realizarase en condutos ou colectores subterráneos, intercalando os pozos de rexistro necesarios para as acometidas dende os cuarteiróns.
- o A estanquidade da rede debera quedar totalmente asegurada.
- o Nos inicios da rede de residuais, disporanse cámaras de descarga automática co obxecto de paliar os problemas derivados de baixa velocidade e época de estiaxe.
- o Para evitar grandes velocidades de evacuación, colocaranse os necesarios pozos de resalto. A pendente mínima será do 0,5%.
- o O diámetro das conduccións non será inferior os 30 cm. A velocidade de evacuación estará comprendida entre 4 y 0,6 m/seg.
- o Deberase demostrar a capacidade do sistema de saneamento e depuración conforme aos usos previstos, así como a viabilidade do vertido de augas residuais en función da capacidade do medio receptor, de xeito que se cumpra coas determinacións establecidas na normativa vixente de aplicación, cun informe favorable da administración responsable, e obter a preceptiva autorización de vertido.

2.1.9.2.3 Rede de subministro de enerxía eléctrica

- O Plan Parcial debe resolver a conexión coa liña de Alta Tensión Xinzo – Verín para abastecemento de enerxía eléctrica ao sector.
- Deséñanse as redes de infraestruturas exteriores de conexión co solo urbanizable de xeito que discorren por infraestruturas viarias existentes, preferentemente estradas, co fin de minimizar a afección ás zonas non antropizadas.
- Conforme a liña entre no ámbito do sector, disporanse dous postes de formigón nos viarios perimetrais e partir deles crearase un novo trazado subterráneo baixo das beirarrúas.
- Deséñase unha rede en media tensión con posibilidade de dar subministro a tódalas parcelas do Parque Empresarial nesta tensión.
- Deséñase unha rede en baixa tensión para o subministro ás parcelas así como para o alumeadado público.
- Os centros de transformación sitúanse preferentemente sobre rasante e van protexidos mediante casetas regulamentarias.
- Toda a rede de distribución de Media e Baixa tensión instalarase en montaxe soterrado e baixo tubo de PE de dobre parede de Ø160 mm, instalando coma máximo un circuito ou termo de cables por tubo. O número de tubos será tal que exista sempre alomenos un tubo de reserva.
- Nos circuitos de Media Tensión utilizaranse condutores de illamento seco tipo RHZ1 12/20 kV Al, mentres que para baixa tensión utilizaranse os do tipo RV 0,6/1 kV Al.

- **Rede de media tensión e centros de transformación.**

- o A potencia prevista calcúlase seguindo as Instrucións Complementarias ao vixente Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión.
- o Tódolos Centros de Transformación que teñan a súa ubicación no interior de edificios, deberán ter acceso dende a vía pública. Serán de dobre entrada (bucle) co fin de alimentalos dende dous puntos distintos.

- **Rede de baixa tensión.**

- o Para a determinación das demandas de enerxía eléctrica terase en conta o vixente Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión, tendo en conta os requerimentos das edificacións e as previsións do alumeadado público de viais e zonas axardinadas.
- o Unha vez conhecidas as distribucións de cargas coas súas distancias respectivas, calculanse as correspondentes derivacións tendo en conta o previsto nas Instrucións Complementarias ao Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión.
- o Como criterio xeral, seguirase o da empresa subministradora.

2.1.9.2.4 Rede de telecomunicacións

- O Plan Parcial contempla unha rede pública para a instalación das infraestruturas de telecomunicacións conforme á obriga de dotar á urbanización dunha rede de telefonía básica así coma da previsión de dotar de infraestrutura de transmisión de datos en virtude das posibilidades de subministro das operadoras.
- A instalación irá sempre baixo a beirarrúa, cun mínimo de 8 tubos de PVC de Ø63 mm. Disporanse arquetas distanciadas un mínimo de 100 m. Separarase coma mínimo 20 cm de calquera instalación eléctrica.
- Será de aplicación a lexislación vixente en telecomunicacións, así coma as normas particulares das compañías subministradoras.

2.1.9.2.5 Rede de subministro de gas

- O Plan Parcial contempla a dotación dunha infraestrutura de distribución de Gas Natural autónoma que actúe ademais como factor de competitividade para o seu tecido empresarial. Entre mentres non se estenden as redes de distribución autonómicas á comarca, esta infraestrutura local garantirá as instalacións necesarias para o subministro polas distribuidoras.
- A instalación a desenvolver cumprirá a normativa técnica correspondente, así coma as normas particulares das compañías concesionarias.

2.1.10 Poboación

O concello de Cualedro ten unha poboación de 1.721 (INE, 2017), cunha idade media de 57,83 anos (IGE, 2017) cunha pirámide de poboación na que o maior porcentaxe é o da poboación de 20 a 64 anos, a en idade de traballar. O saldo vexetativo negativo é de 16 (IGE, 2017).

O concello de Cualedro sufriu na última década un decrecemento da súa poboación causado polo envellecemento estrutural da poboación no rural, e pola marcha da xente nova cara a cabeceira da comarca ou cidades en busca de oportunidades económicas. É por isto polo que compre prover de áreas de actividade atractivas que permitan o desenvolvemento económico e supoñan un polo de atracción e oportunidade para a xente nova:

Táboa 4: Evolución da poboación

2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
2.148	2.092	2.049	2.041	1.993	1.924	1.876	1.808	1.840	1.792	1.721

FONTE: IGE, 2018

A taxa de paro é do 14,36% (INE, 2017). Na ficha municipal do Instituto Galego de Estatística reflíctense as principais características da poboación.

Ilustración 11: Ficha municipal - sociedade

FONTE: IGE 2017

2.1.11 Patrimonio histórico

No ámbito do SUND atopamos os Miliarios de Lamas; e na contorna de estudo localízanse diversos bens do patrimonio cultural, arqueolóxico e etnográfico que deben ser protexidos fronte ao desenvolvemento urbanístico, polo que deberase extremar o control arqueolóxico, conforme ao disposto na Lei do Patrimonio Cultural de Galicia.

Estes bens do patrimonio cultural están protexidos pola lexislación vixente – especialmente polo artigo 34 da Lei do Solo e a Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia no relativo á protección do patrimonio histórico, artístico e etnográfico, lei que ten por obxecto a protección, conservación, posta en valor, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia, así como a súa investigación e transmisión ás xeracións futuras – séndolle de aplicación:

- Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.
- Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.
- Lei 3/1996, do 10 de maio, de Protección dos Camiños de Santiago, que regula o Camiño de Santiago - Vía da Prata (A Consellería de Cultura delimitará de forma oficial a traza histórica do Camiño e os seus territorios históricos incorporaranse ao catálogo).
- Os xacementos arqueolóxicos están suxeitos ao disposto no artigo 34 da Lei do Solo.
- Os hórreos e cabazos regúlanse polo Decreto 449/73, de 23 de febreiro, polo que se colocan baixo a protección do Estado os hórreos ou cabazos antigos existentes en Galicia e Asturias.
- Decreto 561/1963, do 14 de marzal, sobre protección dos escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico-artístico, regula ditos elementos.
- Os castelos quedan ao disposto no Decreto do 22 de abril de 1949 sobre os Castelos Españóis.
- Decreto 232/2008 do 2 de outubro, do Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia.
- Catálogo do planeamento vixente no concello, neste caso as NSP

O PXOM, e por ende o Plan Parcial, definen unha zona de cesión de sistema xeral de zonas verdes e espazos libres adscritos para a posta en valor dos miliarios de Lamas.

Ademáis, calquera achado ou manifestación non evidente en superficie que puidese descubrirse durante as obras de urbanización será de inmediato comunicada ao Servizo de Patrimonio, quen determinará a importancia dos restos e o modo de actuación oportuno en cada caso. Atendendo a importancia e posibilidades, procurarase a preservación, restauración e protección dos bens “in situ”.

2.1.12 Exposición a riscos naturais e tecnolóxicos

Entendemos por risco a vulnerabilidade ante os posibles sucesos ou fenómenos, de orixe natural ou xerados pola actividade humana, que poden dar lugar a danos para as persoas ou bens.

En función da orixe do risco, clasifícanse en naturais, antrópicos e tecnolóxicos. Segundo a Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA), os riscos naturais son aqueles que dependen de factores xeográficos e climáticos; os riscos antrópicos son os que son provocados polo home e que adoitan ir asociados a grandes concentracións humanas ou a actitudes indiscriminadas; e os riscos tecnolóxicos son aqueles propios das sociedades desenvolvidas e do proceso industrial.

No concello de Cualedro atopamos riscos potenciais principalmente de tipo antrópico e tecnolóxico: contaminación (atmosférica, acústica, lumínica) e posible degradación paisaxística. Con respecto aos riscos naturais, o concello caracterízase por un risco sísmico de intensidade media (SISMIGAL, Xunta de Galicia); por non estar incluído dentro dun ZAR (Zona de Alto Risco de Incendio); e por unha erosión clasificada como “media”, segundo o Inventario Nacional de Erosión de Solos - INES (2016).

Con respecto aos riscos antrópicos ou tecnolóxicos no ámbito do SUND, atopamos grandes infraestruturas capaces de significar un risco.

Mapa de riscos: contorna e ámbito do Plan Parcial

Co gallo de localizar e valorar os posibles riscos na contorna e ámbito do SUND elabórase o presente mapa de riscos en base a información dispoñible o que permitirá deseñar a ordenación máis adecuada, facilitar o seguimento dos riscos e implantar as medidas preventivas pertinentes.

O Mapa de Riscos reflíctese na Cartografía do presente Estudo Ambiental Estratéxico.

2.2 Características ambientais das zonas que poidan verse afectadas de xeito significativo**2.2.1 Elementos estratéxicos do territorio**

Compre identificar os elementos estratéxicos do territorio para avaliar o xeito no que o planeamento pode afectarlles. Significamos, pois, os elementos estratéxicos presentes no territorio que supoñen unha fortaleza ou unha oportunidade, elementos con relevancia sobre a futura ordenación:

Táboa 5: Elementos estratéxicos do territorio con relevancia para o planeamento

VECTORES	VARIABLES	ELEMENTOS ESTRATÉXICOS E ESTRUTURANTES
Modelo territorial e ocupación do solo	Localización	O contexto supramunicipal. Posición moi próxima á cabecera da comarca.
	Solo	O ámbito localízase no enlace da A-52.
	Mobilidade	Centralidade e alto grado de conectividade e accesibilidade a través da A - 52.
	Economía	Dinamismo económico da comarca supoñen unha oportunidade, especialmente polo viño D.O. Monterrei.
Conservación do medio	Paisaxe	A presenza dos miliarios e da Agra de Rebordondo representan unha oportunidade de mellora da escena urbana ao desenvolver a peza.
	Patrimonio	Miliarios de Lamas.

2.2.2 Variables que poidan verse afectadas de xeito significativo

Analizando o ámbito de estudo, detectamos unha serie de variables que poden verse afectadas, positiva ou negativamente, ao longo do tempo dependendo do desenvolvemento do SUND ou non, máxime tendo en conta o cambio climático. Ditas variables son: o patrimonio cultural, a paisaxe, a mobilidade e a atmosfera.

O non desenvolvemento do SUND deriva na persistencia dos problemas na percepción do patrimonio cultural existente na contorna e a degradación da paisaxe, e de falta de desenvolvemento económico e aproveitamento deste punto de máxima accesibilidade do concello.

Debe ser o desenvolvemento do presente Plan Parcial o que resolva esta problemática, dando resposta as vulnerabilidades nestas variables e establecendo determinacións e medidas correctoras, se fose o caso.

2.3 Problemas ambientais existentes que sexan relevantes para o Plan Parcial

Os problemas ambientais detectados no ámbito do SUND teñen que ver coa contaminación acústica e atmosférica polo emprego do coche, os impactos sobre o patrimonio cultural e a actual degradación paisaxística da contorna, así coma coa variable mobilidade.

2.3.1 Impactos sobre o patrimonio cultural

A actual situación de falta de desenvolvemento do SUND afecta no adecuado disfrute e apreciación do ben cultural dos Miliarios de Lamas, inxeridos nun espazo insuficiente e incómodo para a cidadanía.

O desenvolvemento do SUND permitirá visibilizalos, permitindo novos usos e novos espazos libres e dotacións que faciliten a correcta percepción deste ben cultural.

2.3.2 Actual degradación paisaxística

Paralelamente aos problemas de percepción dos Miliarios de Lamas, salienta a degradación da paisaxe neste punto por mor da Autovía A-52 e os seus espazos auxiliares e afeccións.

A falta de desenvolvemento dota á peza dun aspecto de desorde e falta de brío económico, nada atractivo.

O desenvolvemento do SUND permitirá a adecuación da escena urbana cara unha imaxe de modernidade, pulando polos valores de sostenibilidade grazas as súas determinacións e pulando pola visibilización da actividade económica e cultural do concello.

2.3.3 Mobilidade

Actualmente, o tráfico rodado é moi forte no nó da A-52 e no seu cruce coa estrada que conecta coa Nacional. Faise necesario planificar adecuadamente a rede viaria e dimensionala convenientemente facilitando a correcta distribución do tráfico.

A MP completa a rede viaria no ámbito, aínda que cun viario brando apropiado para a contorna de valores patrimoniais e ambientais, pulando por unha mobilidade máis eficaz e sustentable, especialmente polo reforzamento dos desprazamentos peonís e en transportes alternativos.

2.3.4 Contaminación acústica e atmosférica polo emprego do automóbil

Do mesmo xeito, provocado polos referidos problemas na mobilidade, prodúcense problemas de contaminación acústica e atmosférica polo emprego do automóbil. Se ben a calidade do aire atópase dentro dos parámetros normais, o previsible incremento do uso industrial e terciario, e o aumento da dependencia do coche poden chegar a supoñer un problema na contorna.

O Plan Parcial diseña unha ordenación sustentable que pula polos desprazamentos peonís e o transporte alternativo o que aumenta a accesibilidade e diminúe a necesidade do uso do coche, o que deriva na redución das emisións de gases efecto invernadoiro; ademais, desenvolve un viario que completa a rede existente e establece recorridos alternativos que axudan a distribuír o tráfico na peza.

3 OBOECTIVOS DE PROTECCIÓN AMBIENTAL E SELECCIÓN DE ALTERNATIVAS

3.1 Criterios xerais do Plan Parcial

Para a redacción do Plan Parcial establecéronse unha serie de criterios xerais iniciais, sobre os que constituír os obxectivos tanto xerais coma específicos:

Axustarse, na medida do posible, na nova delimitación ao parcelario existente, evitando fragmentacións de parcelas.

Xerar unha ordenación racional, completando a malla existente e proporcionando espazos libres e públicos de calidade.

Analizar, por en valor e incorporar, se fose o caso, os elementos con interese paisaxístico, natural ou ambiental do ámbito.

Entender a paisaxe coma un recurso, tanto social na medida que aumenta a calidade de vida e a cohesión social da cidadanía, coma como recurso económico.

3.2 Criterios ambientais estratéxicos

Dende as primeiras fases de redacción, o Plan Parcial aplica na formulación dos seus obxectivos propios criterios de sustentabilidade ambiental. Deste xeito, o principio de desenvolvemento sostible está presente dende as fases iniciais, asumindo o explicitado no marco de referencia existente ao respecto, tanto internacional coma europeo, estatal e autonómico.

Este concepto foi definido no Informe Brundtland, que foi presentado ante a Comisión para o Desenvolvemento Sostible das Nacións Unidas en 1987, e que reza: "O desenvolvemento sostible é aquel desenvolvemento capaz de satisfacer as necesidades da xeración presente sen comprometer a capacidade das xeracións futuras para satisfacer as súas propias necesidades". A devandita definición foi desenvolvida na Declaración de Río, postulada na Conferencia de Nacións Unidas sobre o Medio e o Desenvolvemento en 1992, abordando tres dimensións imbricadas: a sustentabilidade ambiental, a sustentabilidade económica e a sustentabilidade social; e establecendo que a protección do medio é parte integrante do proceso de desenvolvemento e non algo illado, debendo abordarse o devandito desenvolvemento de forma integral.

O Plan Parcial incorpora criterios de sustentabilidade ambiental nos seus obxectivos, ordenación e diferentes actuacións; así, establécense unha serie de variables atendendo ao modelo territorial e ocupación do solo (sociedade, economía, medio urbano, mobilidade, solo, edificacións); conservación do medio (paisaxe, natureza, patrimonio); e metabolismo (enerxía, atmosfera, ciclo hídrico, ciclo de materiais), e unha serie de criterios de sustentabilidade ambiental relacionados con elas:

Táboa 6: Variables e criterios de sustentabilidade ambiental

VARIABLES	CRITERIOS
Ocupación do territorio	Axustar a superficie de solo industrial ás necesidades reais do Concello, para o que se considerarán as previsións de calquera outro tipo plan ou proxecto industrial no ámbito de influencia.
Sociedade	Contribuír a unha contorna saudable.
	Garantir a non exclusión e favorecer a cohesión social.
Economía	Considerar a estrutura socioeconómica do ámbito e da área de influencia.
	Prever a creación de novos espazos de actividade acorde á estrutura económica actual e ás oportunidades do Concello en relación á súa área de influencia e ao modelo territorial das DOT.
Edificacións	Minimizar as posibles afeccións das edificacións sobre a contorna.
Mobilidade	Planificar de forma integrada os usos do solo e o transporte co obxectivo de favorecer a accesibilidade e reducir a mobilidade obrigada.
	Establecer unha zonificación que favoreza a accesibilidade aos principais puntos tractores (servizos, equipamentos, áreas de interese, etcétera).
Paisaxe	Deseñar unha ordenación que contribúa á protección da calidade da paisaxe, limitando as actuacións que poidan alterar os seus valores e percepción.
	Propoñer medidas que poñan en valor a paisaxe e promovan o seu uso público.
	Establecer medidas para a integración visual e paisaxística de novos desenvolvementos en canto a usos, materiais, volume, texturas, etcétera, adecuando as actuacións previstas ás características do medio.

Patrimonio natural	Fomentar a utilización dos recursos naturais de xeito compatible coas súas propias características e as da contorna inmediata na que se insiren.
	Promover o uso de especies autóctonas e establecer medidas de redución e eliminación de especies alóctonas ou invasoras.
Patrimonio cultural	Poñer en valor os elementos identificados e favorecer a súa accesibilidade e aproveitamento por parte da poboación coas limitacións impostas pola necesidade de preservación.
	Integrar os elementos patrimoniais nas actuacións sen alterar as súas características, o carácter paisaxístico da súa contorna nin perturbar a súa contemplación.
Enerxía	Adequar a planificación aos recursos dispoñibles e previstos, garantindo a viabilidade do subministro e procurando a conexión das novas redes coas existentes.
	Integrar o concepto de eficiencia enerxética no deseño da malla urbana, a través da creación de estruturas compactas e complexas integradas cos tecidos urbanos existentes.
	Intervir nas características da rede de alumado público e dos alumados exteriores privados con fin de minimizar o consumo enerxético.
	Establecer un nivel mínimo de enerxías renovables e de autosuficiencia enerxética (tanto para as edificacións e espazos públicos como para os privados) que permita combinar a xeración local coas medidas de aforro e eficiencia.
Atmosfera e cambio climático	Regular a implantación de actividades que poidan supoñer un incremento nas emisións contaminantes, co obxecto de evitar posibles efectos acumulativos ou sinérxicos.
	Para os novos desenvolvementos, prever medidas específicas que contribúan a reducir as emisións en canto á edificación (materiais de construción, sistemas de calefacción, etc.) e á mobilidade (eficiencia dos desprazamentos).
	Establecer as medidas necesarias de cara á redución da contaminación lumínica.
	Considerar a zonificación acústica na ordenación e establecer medidas de

		cara a minimizar os efectos das emisións acústicas sobre a poboación, especialmente naquelas zonas sensibles (hospitais, centros educativos, etc.).
		Estudar a capacidade e o estado dos recursos hídricos para cubrir as demandas dos servizos de abastecemento e saneamento.
		Manter a permeabilidade natural dos terreos e reducir ao máximo a superficie de solo impermeabilizada nos procesos urbanísticos, de xeito que se favoreza a dinámica propia do ciclo hídrico, incluíndo técnicas de drenaxe urbana sustentable (TDUS) precisas para garantir cualitativa e cuantitativamente o retorno da auga pluvial ao medio receptor.
Ciclo hídrico		Valorar as características e a cobertura da rede de saneamento e do sistema de tratamento existente e xustificar a capacidade do servizo para atender á demanda prevista e o cumprimento dos parámetros de vertido ao medio.
		Prever redes de saneamento de tipo separativo para os novos desenvolvementos (residencial, industrial ou terciario).
		Fomentar o aproveitamento das augas pluviais e a reutilización das augas residuais.
		Regular as actividades e procesos construtivos para reducir a xeración de residuos e para fomentar a súa recollida selectiva, reutilización e reciclaxe.
Ciclo de materiais		Garantir a capacidade de recollida e xestión dos residuos urbanos no ámbito municipal.
		Potenciar a xestión/recollida en orixe da fracción orgánica.
		Fomentar a recollida selectiva en orixe, como estratexia para obter materiais de calidade que teñan saída no mercado da reciclaxe.

3.3 Obxectivos do Plan Parcial

O principal obxectivo do Plan Parcial é desenvolver o SUND 01 A Brea definido no PXOM de Cualedro, establecendo as determinacións precisas para a ordenación e transformación en solo urbano do ámbito calificado coma Solo Urbanizable Non Delimitado Terciario-industrial SUND 01 A Brea.

O PXOM formula unha serie de obxectivos xerais e criterios de ordenación, definindo unha serie de estratexias que os desenvolven:

O1. A recuperación e posta en valor dos recursos produtivos primarios, medioambientais e do patrimonio cultural.

Estratexias:

- 1A. Protección dos recursos produtivos agrícolas, gandeiros e forestais.
- 1B. Contención na delimitación dos núcleos tradicionais para preservar os eidos, o ambiente e o característico patrimonio cultural do municipio.
- 1C. Preservación do sistema hídrico.
- 1D. Preservación dos valores patrimoniais.

O2. Potenciar o desenvolvemento económico relacionado coa transformación e o sector servizos.

Estratexias:

- 2A. Desenvolver un solo de uso terciario-industrial.
- 2B. Ordenación de Áreas de Actividade.
- 2C. Creación dun Centro de Desenvolvemento Local.

O3. A rehabilitación dos núcleos tradicionais.

Estratexias:

- 3A. Frear a substitución da vivenda tradicional.
- 3B. Reforzar a dinámica de rehabilitación da vivenda tradicional.
- 3C. Frear a dispersión das edificacións.
- 3D. Dar resposta ás necesidades de equipamento dos núcleos.
- 3E. Planificar a mellora dos servizos urbanísticos.

3F. Programar a mellora ambiental dos núcleos.

O4. Establecer criterios e programar actuacións para a mellora dos servizos públicos, infraestruturas e equipamentos.

Estratexias:

4A. Incrementar a accesibilidade aos bens e servizos, completando e mellorando a rede viaria, e fomentando a mobilidade sustentable.

4B. Equilibrar e completar as dotacións e equipamentos públicos.

4C. Mellorar e completar as redes do ciclo da auga.

4D. Optimizar a eliminación, e incluso reutilización, do lixo e residuos.

4E. Mellorar as redes telemáticas no municipio.

4F. Recuperar a riqueza da rúa e a diversidade do espazo público.

O Plan ten por Obxectivo Específico 02 o de "Potenciar o desenvolvemento económico relacionado coa transformación e o sector servizos", desenvolvido entre outras, pola Estratexia 2A "Desenvolver un solo de uso terciario-industrial".

Este Obxectivo defínese tras a análise do territorio e das características sociais e económicas do concello, atopando o punto de máxima accesibilidade do nó da A-52, onde se atopan uns terreos segregados e vencellados á infraestrutura.

A meta desde solo de uso terciario-industrial é, por unha parte, "ordenar a área de servizos espontánea existente e potenciar a implantación de novas actividades empresariais vinculadas á infraestrutura viaria de altas prestacións", e por outra parte, xerar un solo con capacidade para acoller actividades industriais, especialmente as xa presentes no concello, de forma sustentable, aplicando "na medida do posible, os principios da ecoloxía industrial, coa instalación preferente de empresas e actividades estreitamente vinculadas coas potencialidades produtivas primarias do municipio (agroforestais, mineiras e enerxéticas) e coas súas posibilidades de transformación e comercialización local, que permita xerar unha rede que imite o funcionamento dos ecosistemas naturais de tal xeito que se pechen os ciclos de

materiais e enerxía e se establezan simbioses industriais (Posibilitando que os residuos ou subprodutos dunha empresa ou actividade constitúan a materia prima de outra, e establecendo unha implicación do tecido empresarial na protección e xestión ambiental e nos obxectivos de sustentabilidade local)”.

3.3.1 Obxectivos ambientais

Establécense, entón, os seguintes obxectivos ambientais:

- OA 01 Potenciar o desenvolvemento das actividades económicas no municipio, desenvolvendo un novo solo para elas e reordenando e recualificando os espazos existentes.
- OA 02 Desenvolver un modelo de ordenación sustentable, ordenado e eficiente, no que os usos se adapten as capacidades e características do solo.
- OA 03 Reducir o impacto ambiental das actividades industriais e mellorar a ecoeficiencia.
- OA 04 Contribuír á creación dunha contorna de traballo de calidade.
- OA 05 Pular pola mobilidade sostible, xerando unha ordenación que favoreza a accesibilidade e os medios de transporte alternativos.
- OA 06 Pular pola correcta integración paisaxística, minimizando os posibles impactos establecendo medidas correctoras.
- OA 07 Protexer e poñer en valor os elementos do patrimonio cultural.
- OA 08 Desenvolver un modelo de ordenación sustentable que facilite un menor consumo enerxético, promovendo o uso de enerxías renovables e dispositivos enerxéticos eficientes.
- OA 09 Pular pola redución da emisión de contaminantes á atmosfera.
- OA 10 Desenvolver un modelo de ordenación sustentable que teña en conta e garanta o ciclo hídrico en todas as súas fases e procesos, protexendo especialmente os cursos dos ríos e evitando a contaminación dos mesmos.
- OA 11 Pular pola reutilización dos materiais, a reciclaxe dos residuos e a súa valorización.

3.4 Coherencia dos obxectivos xerais e específicos da MP cos obxectivos ambientais

Unha vez determinados os diferentes obxectivos, é necesario avaliar a coherencia interna entre os obxectivos xeral e específicos e os obxectivos ambientais, xerando unha matriz valorativa:

Táboa 7: Coherencia dos obxectivos xerais e específicos da MP cos obxectivos ambientais

Obxectivos ambientais		OX	OE1	OE2	OE3	OE4	OE5	OE6	OE7
OA 01	Potenciar o desenvolvemento das actividades económicas no municipio, desenvolvendo un novo solo para elas e reordenando e recualificando os espazos existentes.								
OA 02	Desenvolver un modelo de ordenación sustentable, ordenado e eficiente, no que os usos se adapten as capacidades e características do solo.								
OA 03	Reducir o impacto ambiental das actividades industriais e mellorar a ecoeficiencia.								
OA 04	Contribuír á creación dunha contorna de traballo de calidade.								
OA 05	Pular pola mobilidade sostible, xerando unha ordenación que favoreza a accesibilidade e os medios de transporte alternativos.								
OA 06	Pular pola correcta integración paisaxística, minimizando os posibles impactos establecendo medidas correctoras.								
OA 07	Protexer e poñer en valor os elementos do patrimonio cultural.								
OA 08	Desenvolver un modelo de ordenación sustentable que facilite un menor consumo enerxético, promovendo o uso de enerxías renovables e dispositivos enerxéticos eficientes.								
OA 09	Pular pola redución da emisión de contaminantes á atmosfera.								
OA 10	Desenvolver un modelo de ordenación sustentable que teña en conta e garanta o ciclo hídrico en todas as súas fases e procesos, protexendo especialmente os cursos dos ríos e evitando a contaminación dos mesmos.								

3.5 Alternativas

No proceso de estudo e deseño do Plan Parcial xorden opcións para acadar os obxectivos de planeamento establecidos. Ditas opcións plásmanse nunha serie de alternativas, que deben ser valoradas en función a criterios de sustentabilidade co fin de determinar qué alternativa é a máis adecuada para ser seleccionada coma a que da resposta ás necesidades e problemáticas detectadas segundo o establecido na lexislación vixente.

Establécense tres alternativas:

A – Alternativa 0: a alternativa por defecto, consistente en manter a situación actual, é dicir, optar por non desenvolver o SUND 01 A Brea.

B – Dous Alternativas – 1 e 2 – derivadas da análise obxectiva da contorna e dos obxectivos da Modificación Puntual:

3.5.1 Alternativa 1

Ilustración 12: Alternativa 1

Fonte: elaboración propia.

3.5.2 Alternativa 2

Ilustración 13: Alternativa 2

FONTE: Elaboración propia.

3.6 Motivos da selección da alternativa

Tras definir as Alternativas abórdase o proceso de avalialas, analizando a integración das variables consideradas e a adecuación aos obxectivos xerais e particulares do Plan de Sectorización, co fin de determinar cal é a Alternativa máis axeitada.

A Alternativa 0 é utilizada coma referencia a avaliación das Alternativas e poñelas en relación unhas fronte a outras.

(Esquemas)

Analizouse a coherencia das distintas Alternativas cos obxectivos do Plan de Sectorización, xerándose a seguinte táboa:

Táboa 8: Coherencia das Alternativas en relación cos obxectivos do Plan de Sectorización

Obxectivos	Alternativa 0	Alternativa 1
OX	D	MB
OA 01	D	B
OA 02	D	MB
OA 03	D	MB
OA 04	D	B
OA 05	D	B
OA 06	D	B
OA 07	D	B
OA 08	D	B
OA 09	D	B
OA 10	D	B
OA 11	D	B

COHERENCIA	Moi boa	Boa	Regular	Deficiente
	MB	B	R	D

Tamén avalíase o nivel de integración das variables de sustentabilidade nas distintas alternativas estudadas, establecendose unha gradación de valores, dende “deficiente” ata “integración moi boa”:

INTEGRACIÓN	Moi boa	Boa	Regular	Deficiente
	MB	B	R	D

Obténdose unha serie de valores que reflectimos na seguinte táboa:

Táboa 9: Integración das variables ambientais nas Alternativas

VARIABLES	Alternativa 0	Alternativa 1
SOLO	R	B
SOCIEDADE	D	MB
ECONOMÍA	D	MB
MEDIO URBANO	D	B
MOBILIDADE	D	B
EDIFICACIÓNS	D	B
PAISAXE	R	B
NATUREZA	B	B
PATRIMONIO	R	B
ENERXÍA	R	B
ATMOSFERA	D	B
CICLO HÍDRICO	R	B
CICLO MATERIAIS	R	B

A Alternativa 0, debido á non desenvolvemento do ámbito, leva a imposibilidade de mellorar a economía do termo municipal e por tanto, a calidade de vida dos cidadáns, mediante a xeración de novos espazos económicos.

A Alternativa 1, resolve notablemente mellor os problemas detectados no ámbito, proporcionando un solo capacitado para usos industriais e terciarios que pule polo desenvolvemento económico do concello, mellorando a mobilidade e accesibilidade do termo (ca correspondente mellora na emisións de gases efecto invernadoiro), mellorando a integración paisaxística da infraestrutura, xerando un colchón verde cara a Agra de

arquitecto e avogado

Rebordondo e proporcionado dotación que pulen pola coexión social, especialmente o relativo á posta en valor do patrimonio cultural.

En consecuencia, considérase que a será a Alternativa 1 a que debe ser considerada para o desenvolvemento do Plan de Sectorización.

3.6.1 Resumo da proposta da alternativa seleccionada, orzamento estimado e calendario aproximado de realización das actuacións.

As principais características da Alternativa Seleccionada coma Plan Parcial son:

Zonificación e usos

O PXOM establece determinacións de zonificación e usos tamén no seu art. III-65:

O ámbito divídese en dous sectores:

- Sector A de 118.324,27 m2
- Sector B de 41.974,17 m2.

Sector A (Industrial)

O uso característico do sector é o industrial, sendo usos compatibles o comercial en categoría 1ª e garaxe – aparcamento en categoría 3ª, 4ª e 5ª. O Plan Parcial establecerá as compatibilidades dos restantes usos terciarios e outros.

Os establecementos industriais preferentemente pertenceran os seguintes grupos:

- Explotacións de gandería ó acuicultura en réxime intensivo: grupo 1
- Actividades agrícolas e agro-industriais: grupo 2, 3 e 4
- Industria de produtos alimenticios e bebidas: grupo 1, 2, 3 e 4.
- Industria téxtil, da confección e peletaría: grupo 1, 2, 3 e 4
- Industria do coiro, pel e calzado: grupo 1, 2
- Industria da madeira e cortiza: grupo 1, 2, 3 e 4
- Industria de mobles: grupo 1, 2, 3 e 4

arquitecto e avogado

- Industria do papel, edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados: grupo 1
- Reciclaxe: grupo 1
- Captación, depuración e distribución de auga: grupo 1
- Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor; venda polo miúdo de combustible para vehículos de motor: grupo 1
- Comercio por xunto e intermediarios do comercio, excepto de vehículos de motor e motocicletas: grupo 1
- Enerxía: grupo 2, 3, e 4
- Minería: grupo 2, 3, e 4
- Industrias fabrís e actividades diversas: grupo 2, 3 e 4

Sector B (Terciario)

O uso característico do sector é o terciario, sendo usos compatibles o comercial en categoría 1ª, hoteleiro en categoría 1ª e garaxe – aparcamento en categoría 3ª, 4ª e 5ª. O Plan Parcial establecerá as compatibilidades dos restantes usos.

Parámetros urbanísticos

O PXOM establece os parámetros urbanísticos básicos no seu art. III-65:

Sector A (Industrial)

- Edificabilidade: 0,30 m2/m2
- Tipoloxía: O tipo da edificación será de nave illada en parcela ao norte do Sector e de nave entre medianeiras ao sur.

- A implantación no terreo será tal que a planta baixa coincida coa rasante da vía.
- Altura máxima: En xeral, a edificación será de planta baixa e non superará unha altura de 10 m a cornixa, respecto á rasante natural do terreo, aínda que excepcionalmente poderanse admitir alturas puntuais superiores se o uso o demanda, sempre e cando cumpran os requisitos especificados pola normativa sectorial e a lexislación vixente.
- Permítese un aproveitamento, dentro do espazo da nave, de forxados por enriba da cota da planta baixa ata unha superficie máxima do 20 %.
- Ocupación en planta: Non se permite unha ocupación polas construcións que supoña máis de un 40% da superficie total do ámbito ordenado.
- Prazas de aparcamento: unha praza de aparcamento por cada 100 m² edificables, das que, como mínimo, a cuarta parte deben ser de dominio público.
- Excepcionalmente en casos debidamente xustificados, mediante a tramitación dun estudo de detalle, permitirase variar a volumetría aquí descrita cumprindo os parámetros de edificabilidade e ocupación máxima en planta establecidos no PXOM.

Sector B (Terciario)

- Edificabilidade: 0,30 m²/m²
- Tipoloxía: O tipo da edificación será de edificación illada en parcela ou entre medianeiras.
- A implantación no terreo será tal que a planta baixa coincida coa rasante da vía.
- Altura máxima: En xeral, a edificación será de planta baixa e non superará unha altura de 10 m a cornixa, respecto á rasante natural do terreo, aínda que excepcionalmente poderanse admitir alturas puntuais superiores.
- Ocupación en planta: Non se permite unha ocupación polas construcións que supoña máis de un 40% da superficie total do ámbito ordenado.
- Prazas de aparcamento: dúas prazas de aparcamento por cada 100 m² edificables, das que, como mínimo, a quinta parte deben ser de dominio público.

- Excepcionalmente en casos debidamente xustificados, mediante a tramitación dun estudo de detalle, permitirase variar a volumetría aquí descrita cumprindo os parámetros de edificabilidade e ocupación máxima en planta establecidos no PXOM.

Estándares urbanísticos

A redación do Plan Parcial se realiza de acordo co PXOM de Cualedro.

Os estándares urbanísticos establecidos pola lexislación urbanística cumpren cos fixados pola Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, pola lei 2/2016 do solo de Galicia e co Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento para ó desenrolo e aplicación da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana.

Tendo en conta que o regulamento de planeamento desenrolaba a Lei do solo estatal do ano 1976, temos loxicamente discrepancias entre a lei do solo e o regulamento non adaptado a mesma, polo que a Lei complementarase co Regulamento de Planeamento sempre e cando non se opoña á Lei.

Terase en conta polo tanto ó rango lexislativo na aplicación da lexislación vixente. En caso de discrepancia, tamén teremos en conta o espírito da Lei 2/2016 no seu artigo 6, regras de interpretación, relativas á interpretación do planeamento urbanístico, producidas por imprecisións ou por contradicións entre documentos de igual rango normativo, resolvendo tendo en conta os criterios de menor edificabilidade, de maior dotación para espazos públicos e maior protección ambiental, aplicando o principio xeral de interpretación regradada das normas.

Os efectos do cumprimento dos estándares sinalados nos artigos 41 e 42 da Lei 2/2016 e nos artigos 46 e 47 da Lei 9/2002, enténdese o uso industrial coma determinación de uso dominante no Sector A e o uso terciario coma determinación de uso dominante no Sector B, tomándose coma base para á determinación dos límites de sostibilidade e calidade de vida e cohesión social, con independencia da admisión doutros usos nas parcelas, vinculados ou compatibles, sempre subordinados ós usos principais establecidos, Terciario e Industrial.

O Plan de Sectorización (Hoxe debe ser Plan Parcial) que desenvolva o ámbito deberá estar ao disposto nesta Normativa, no artigo 66 e 67 da LOUGA así como ao establecido no Anexo II da Normativa do PXOM de Cualedro en relación ás medidas de prevención e corrección de efectos significativos sobre o medio ambiente e a sustentabilidade contidas no Informe de Sustentabilidade Ambiental do Plan.

O PXOM, no seu art. III-65, en cumprimento do establecido nos artigos 46 e 47 da Lei 9/2002, que cumpren tamén co que establecen os artigos 41 e 42 da Lei 2/2016, no referente ós límites de sostibilidade e calidade de vida e cohesión social, estipula unha serie de cesións obrigadas de solo para novas dotacións e espazos libres de sistema xeral e local, que son as seguintes:

Cesión para sistema xeral de infraestruturas con uso de Punto Limpo: 07 00 A DOT 01, 1.000,00 m2.

Cesión para sistema local de infraestruturas con uso de Centro de Xestión Integral de Residuos: 07 00 A DOT 02, 1.000,00 m2.

Sistema xeral de zonas verdes e espazos libres adscritos, zona verde para a posta e valor dos miliarios de Lamas: 07 00 A ZV 01, 6.754,89 m2

Sistema local de zonas verdes e espazos libres: 07 00 A ZV 02, 16.030,00 m2

Sistema xeral de infraestruturas: 07 00 A DE 01, 1.368,50 m2 (depuración de augas); 07 00 A DP 01, 3.066,67 m2 (abastecemento de auga)

Infraestruturas

O Plan Xeral especifica unha serie de parámetros no referido ao trazado do sistema xeral viario e a ubicación das cesións correspondentes aos sistemas dotacionais. Estes parámetros grafados no plano de ordenación considéranse vinculantes e non poderán ser variados polos documentos que desenvolvan estes ámbitos, que asimesmo estarán ao disposto nas medidas propostas no Informe de Sustentabilidade Ambiental do Plan Xeral.

O sector de solo urbanizable asumirá as conexións coas redes de servizos necesarias para o seu desenvolvemento, ademais dos sistemas xerais adscritos a cada un dos ámbitos.

O Plan Parcial cumprirá co establecido no Plan Xeral no que se refire a dimensións mínimas de calzadas e beirarrúas, reservas de aparcamento, redes de infraestruturas e funcionamento dos servizos.

Os ámbitos de cesión reservados no plan Xeral cumpren as condicións xeométricas e dimensionais regulamentarias e sitúanse en lugares accesibles e convenientemente integrados coas restantes zonas do Parque Empresarial previsto.

4 ANÁLISE DOS PROBABLES EFECTOS SIGNIFICATIVOS NO MEDIO

Na procura da Alternativa que de a resposta máis adecuada á situación actual e sea máis coherente cos obxectivos fixados, realízase unha aproximación aos posibles efectos ambientais do desenvolvemento das Alternativas sobre o medio ambiente en cada unha das variables ambientais.

De forma xeral, estímase que o desenvolvemento do SUND 01 A Brea previsiblemente terán repercusións positivas, especialmente no referente á ordenación dos usos existente e a ocupación do solo, a mobilidade, o patrimonio cultural, a sociedade, e especialmente a economía.

Os posibles efecto negativo sobre o medio ambiente do seu desenvolvemento minimizaranse grazas as medidas correctoras establecidas no propio PXOM que garantirán a correcta implantación das infraestruturas e servizos urbanísticos, así coma os procesos á hora de abordar o proceso urbanizador, pulando por unha maior integración paisaxística e a protección e posta en valor dos valores ambientais da contorna.

4.1 Efectos sobre a ocupación do solo

VARIABLES	CRITERIOS
Ocupación do territorio	Promover a ocupación dos espazos baleiros das tramas urbanas, dándolle prioridade ás actuacións de rehabilitación e renovación urbana e á ocupación dos espazos antropizados fronte a novas ocupacións do solo.
OBXECTIVOS	OX Viabilizar o desenrolo da Unidade de Execución UE3, modificando para elo a delimitación do ámbito afectado e eliminando parte das cargas existentes.
	OA1.1 Desenvolver un modelo de ordenación sustentable i eficiente que pule por un consumo racional do solo.

A Alternativa 0 supón o enquistamento da actual situación de certo desorde nos usos urbanos do enlace da Autovía, por el contrario, a Alternativa 1, é dicir, o desenvolvemento do SUND carreará unha optimización do solo e ordenará o ámbito.

4.2 Efectos sobre a poboación

VARIABLES	CRITERIOS
Sociedade	Contribuír a unha contorna saudable.
	Garantir a non exclusión e favorecer a cohesión social.
OBXECTIVOS	OA6.1 Desenvolver unha ordenación sustentable que proporcione unha rede de dotacións e espazos libres de calidade que repercuta nunha mellor calidade de vida, unha contorna saudable e favoreza a cohesión e a non exclusión social.

A Alternativa 1 supón pular polo crecemento económico do termo municipal, o que proporcionará maiores posibilidades para o emprego e a fixación da poboación no concello.

4.3 Efectos sobre a economía

VARIABLES	CRITERIOS
Economía	Considerar a estrutura socioeconómica do ámbito e da área de influencia.
OBXECTIVOS	OE03 Xerar una nova zonificación de usos adaptado as novas necesidades do núcleo, potenciando os usos terciarios no ámbito.
	OA4.1 <i>Desenvolver unha ordenación sustentable que potencie o desenvolvemento económico, especialmente o sector terciario, e aproveite as sinerxías e potencialidades do ámbito cara o desenvolvemento do sector ocio e turismo.</i>

En contraposición da Alternativa 0 que supón unha barreira ao desenvolvemento da industria e pequena empresa do concello, a Alternativa 1 proporciona un solo de calidade e cualificado para os usos industriais e terciarios.

4.5 Efectos sobre a mobilidade

VARIABLES	CRITERIOS
Mobilidade	Planificar de forma integrada os usos do solo e o transporte co obxectivo de favorecer a accesibilidade e reducir a mobilidade obrigada.
	Establecer unha zonificación que favoreza a accesibilidade aos principais puntos tractores (servizos, equipamentos, áreas de interese, etcétera).
OBXECTIVOS	OE02 Mellorar a conectividade no centro da Vila de Cambre completando o sistema viario e pulando por unha mobilidade sostible.
	OA2.1 Xerar una ordenación que favoreza a conectividade e melloren a accesibilidade do centro da Vila.
	OA2.2 Promover a mobilidade sustentable e os medios de transporte alternativos

A Alternativa 0 persiste na actual situación de complexidade no nó do enlace coa Autovía A-52; polo contrario, a Alternativa 1 pula pola mellora da circulación, facilitando o tráfico rodado pesado (especialmente cara a área de servizo e cara a Estrada Nacional, de forte tráfico).

Ademais establece roteiros para a mobilidade sostible, pulando tamén polas modalidades alternativas.

4.6 Efectos sobre a paisaxe

VARIABLES	CRITERIOS
Paisaxe	Deseñar unha ordenación que contribúa á protección da calidade da paisaxe, limitando as actuacións que poidan alterar os seus valores e percepción.
	Proponer medidas que poñan en valor a paisaxe e promovan o seu uso

	público.
	Establecer medidas para a integración visual e paisaxística de novos desenvolvementos en canto a usos, materiais, volume, texturas, etcétera, adecuando as actuacións previstas ás características do medio.
	OE06 Por en valor o cercan conxunto patrimonial de Santa María de Cambre (BIC declarado) e o seu entorno, mellorando a escena urbana e a paisaxe.
OBXECTIVOS	OA7.1 Recuperar, protexer e por en valor os espazos e elementos de interese pulando por unha boa calidade paisaxística.
	OA7.2 Mellorar a integración paisaxística das determinacións da MP.

É a Alternativa 1 a que posibilita unha maior integración paisaxística, protexendo e poñendo en valor a paisaxe da cercana Agra de Rebordondo.

4.7 Efectos sobre a Natureza

VARIABLES	CRITERIOS
Patrimonio natural	Fomentar a utilización dos recursos naturais de xeito compatible coas súas propias características e as da contorna inmediata na que se inxiren.
	Promover o uso de especies autóctonas e establecer medidas de redución e eliminación de especies alóctonas ou invasoras.
OBXECTIVOS	OA8.1 Recuperar, protexer e por en valor os elementos de interese natural integrándoos na ordenación para o seu disfrute público.

Aínda que no ámbito non existe ningún elemento nin espazo natural protexido, a Alternativa 1 implica a satisfacción dunha das determinación do PXOM de establecer un colchón verde entre so SUND 01 e a contorna, minimizando calquer efecto nocivo do ámbito sobre o territorio colindante.

4.8 Efectos sobre o patrimonio cultural

VARIABLES	CRITERIOS
Patrimonio cultural	Revitalizar as zonas históricas como ámbitos residenciais e de actividade.
	Poñer en valor os elementos identificados e favorecer a súa accesibilidade e aproveitamento por parte da poboación coas limitacións impostas pola necesidade de preservación.
	Integrar os elementos patrimoniais nas actuacións sen alterar as súas características, o carácter paisaxístico da súa contorna nin perturbar a súa contemplación.
OBXECTIVOS	OE06 Por en valor o cercan conxunto patrimonial de Santa María de Cambre (BIC declarado) e o seu entorno, mellorando a escena urbana e a paisaxe.
	OA9.1 Por en valor os elementos protexidos do patrimonio cultural relevantes presentes no ámbito.

Os miliarios do enlace constitúen o elemento patrimonial mais salientable da contorna; aínda que actualmente teñen un pequeno espazo de protección, non se visibilizan adecuadamente.

É a Alternativa 1 a que propón a posta en valor deste ben, facilitando a súa protección e comprensión e disfrute por a cidadanía.

4.9 Efectos sobre a enerxía

VARIABLES	CRITERIOS
Enerxía	Adeguar a planificación aos recursos dispoñibles e previstos, garantindo a viabilidade do subministro e procurando a conexión das novas redes coas existentes.
	Integrar o concepto de eficiencia enerxética no deseño da malla urbana, a través da creación de estruturas compactas e complexas integradas cos tecidos urbanos existentes.
	Intervir nas características da rede de alumeado público e dos alumeados exteriores privados con fin de minimizar o consumo enerxético.

	Establecer un nivel mínimo de enerxías renovables e de autosuficiencia enerxética (tanto para as edificacións e espazos públicos como para os privados) que permita combinar a xeración local coas medidas de aforro e eficiencia.
	OA10.1 Desenvolver un modelo de ordenación sustentable que facilite un menor consumo enerxético.
OBXECTIVOS	OA10.2 Pular por a racionalización e optimización dos recursos enerxéticos e o consumo de enerxía, promovendo o uso de enerxías renovables e dispositivos enerxéticos eficientes

En contraposición á Alternativa 0, a Alternativa 1 propoñe un modelo de ordenación sustentable que facilita un menor consumo enerxético, incorporando determinacións da lexislación sectorial vixente referentes a esta variable.

4.10 Efectos sobre a atmosfera

VARIABLES	CRITERIOS
	Regular a implantación de actividades que poidan supoñer un incremento nas emisións contaminantes, co obxecto de evitar posibles efectos acumulativos ou sinérxicos.
Atmosfera e cambio climático	Para os novos desenvolvementos, prever medidas específicas que contribúan a reducir as emisións en canto á edificación (materiais de construción, sistemas de calefacción, etc.) e á mobilidade (eficiencia dos desprazamentos).
	Establecer as medidas necesarias de cara á redución da contaminación lumínica.
	Considerar a zonificación acústica na ordenación e establecer medidas de cara a minimizar os efectos das emisións acústicas sobre a poboación, especialmente naquelas zonas sensibles (hospitais, centros educativos, etc.).
OBXECTIVOS	OA11.1 Pular pola redución da emisión de contaminantes á atmosfera e loitar contra o cambio climático.
	OA11.2 Favorecer unha adecuada calidade acústica no ámbito.

A Alternativa 1 representa un efecto positivo ao minimizar a emisión de gases de efecto invernadoiro racionalizando e reducindo o tráfico rodado, mellorando a conectividade entre os itinerarios frecuentes no ámbito.

Ademais establece roteiros de mobilidade sostible que posibilitan desplazamentos alternativos cara os destinos cotidiáns.

4.11 Efectos sobre o ciclo hídrico

VARIABLES	CRITERIOS
Ciclo hídrico	Estudar a capacidade e o estado dos recursos hídricos para cubrir as demandas dos servizos de abastecemento e saneamento.
	Manter a permeabilidade natural dos terreos e reducir ao máximo a superficie de solo impermeabilizada nos procesos urbanísticos, de xeito que se favoreza a dinámica propia do ciclo hídrico, incluíndo técnicas de drenaxe urbana sustentable (TDUS) precisas para garantir cualitativa e cuantitativamente o retorno da auga pluvial ao medio receptor.
	Valorar as características e a cobertura da rede de saneamento e do sistema de tratamento existente e xustificar a capacidade do servizo para atender á demanda prevista e o cumprimento dos parámetros de vertido ao medio.
	Prever redes de saneamento de tipo separativo para os novos desenvolvementos (residencial, industrial ou terciario).
	Fomentar o aproveitamento das augas pluviais e a reutilización das augas residuais.
OBXECTIVOS	OA12.1 Garantir o abastecemento de auga e a calidade do mesmo, así como a depuración de augas, en función da demanda estimada.
	OA12.2 Promover o aforro no consumo dos recursos hídricos.

A Alternativas 1 garante a viabilidade dos sistemas de abastecemento e saneamento a través das determinacións que establecería de ser desenvolvido, garantindo o consumo de auga e a non xeración de vertidos.

4.12 Efectos sobre o ciclo dos materiais

VARIABLES	CRITERIOS
Ciclo de materiais	Regular as actividades e procesos construtivos para reducir a xeración de residuos e para fomentar a súa recollida selectiva, reutilización e reciclaxe.
	Garantir a capacidade de recollida e xestión dos residuos urbanos no ámbito municipal.
	Potenciar a xestión/recollida en orixe da fracción orgánica.
	Fomentar a recollida selectiva en orixe, como estratexia para obter materiais de calidade que teñan saída no mercado da reciclaxe.
OBXECTIVOS	OA13.1 Pular pola reutilización dos materiais, a reciclaxe dos residuos e a súa valorización.

A Alternativa 1 establecerá determinacións para xestionar eficientemente os fluxos de materiais e residuos.

4.13 Efectos ambientais previsibles durante a fase de urbanización

Durante os procesos de urbanización e construción que levará o desenvolvemento da modificación, prevense os seguintes efectos ambientais.

4.13.1 Efectos ambientais sobre a atmosfera

- Emisión de po durante os traballos de explanación e escavación.
- Niveis de presión sonora elevados

4.13.2 Efectos ambientais sobre o solo

- Movementos de maquinaria pesada sobre vías existentes e sobre terreos propios do ámbito.
- Retirada e acumulación de terras vexetais.
- Retirada e acumulación de terras sobrantas ou estériles.

4.13.3 Efectos ambientais sobre a xestión de residuos

- Xeración de residuos de obra.

5 MEDIDAS PREVISTAS

Coma puidemos observar na análise dos posibles efectos que a ordenación proposta puidese ocasionar no medio ambiente, non se detectaron grandes efectos negativos da Alternativa Seleccionada, a Alternativa 2, xa que o ámbito é de pequena escala e inxerido nun ámbito moi antropizado. Ademais, a causa de desenvolver a peza é un efecto moi positivo en si mesmo.

De todos xeitos, propóñense as seguintes medidas de prevención e corrección para que sexan tidas en conta no deseño e ordenación detallada do ámbito, co gallo de previr, reducir, e na medida do posible, corrixir calquera efecto negativo, incluso non previsto, relevante no medio ambiente pola aplicación da modificación puntual, tomando en consideración o cambio climático.

5.1 Táboa de actuacións, efectos, medidas e indicadores.

Na análise dos posibles efectos do desenvolvemento do Plan Parcial observamos que as variables de patrimonio, paisaxe, mobilidade e atmosfera son as que puiden ter algún efecto negativo polo que compre establecer medidas correctoras que garantan a consecución dos obxectivos establecidos:

Táboa 10: Táboa de actuacións, efectos, medidas e indicadores

Efectos previsibles sobre o medio ambiente	Medidas previstas	Indicadores de seguimento
Efectos sobre a ocupación do solo	M1.1 No deseño da ordenación detallada seguiranse os criterios de sostenibilidade establecidos no Plan Parcial.	I 04 Usos do solo
	M1.2 Cumprirase co ratio establecido de equipamentos e espazos libres para acadar a adecuada calidade de vida para os cidadáns.	
	M1.3 Atenderase ás cesións establecidas na lexislación vixente.	
Efectos sobre a poboación	M3.1 Diseñarase un espazo exterior de calidade, con espazos libres coma eixe vertebrador.	I 07 Evolución da poboación: Avaliación da dinámica da poboación ao longo do tempo

		I 08 Crecemento vexetativo: Permite medir o crecemento ou a regresión en termos de poboación I 09 Acceso á sociedade da información: Porcentaxe de vivendas con conexión de banda ancha (ADSL, RDSI, Rede de cable) I 10 Superficie de parques públicos e zonas verdes en relación ao número de habitantes: Permite avaliar a dispoñibilidade de espazos de socialización e ocio ao aire libre
Efectos sobre a economía	M4.1 Establecerase superficie suficiente para o desenvolvemento de usos terciarios no ámbito.	I 11 Taxa total de emprego: A taxa de emprego defínese como a proporción de persoas ocupadas dentro do grupo de poboación con idade comprendida entre os 15 e os 64 anos. A súa evolución positiva asóciase con maiores niveis de cohesión social e calidade de vida
Efectos sobre a mobilidade: POSITIVOS, ao mellorar a conectividade e accesibilidade no centro da vila de Cambre, completando a malla urbana cun viario de distribución que minimiza o tráfico no principal cruce da vila, AC-214 e DP-1702.	M5.1 Garantizarase a conectividade entre puntos estratéxicos e a adecuada accesibilidade aos equipamentos e espazos libres, pulando polos modos, a pé e/ou bicicleta, alternativos ao vehículo privado.	I 13 Mobilidade sostible: percorridos adaptados ás modalidades de mobilidade sostible. I 14 Número de aparcadoiros I 15 Percorridos con parada do transporte público interurbano no ámbito
	M5.2 Regularase as zonas de aparcadoiro e de carga e descarga.	
	M5.3 Os espazos de aparcadoiro deseñaranse con materiais de acabado que permitan o crecemento de vexetación ao seu través, e incorporarán na súa distribución árbores preferentemente de folla perenne.	
	M5.4 Os materiais empregados na rede viaria deberán garantir o correcto drenaxe, non serán escorregadizos e permitirán a evacuación da auga de superficie.	

	M5.5 Habilitaranse aparcadoiros de bicicletas.	
Efectos sobre a paisaxe: POSITIVOS ao mellorar a escena urbana no centro da vila e a contorna dos bens do patrimonio cultural existente na contorna, especialmente Santa María de Cambre, BIC declarado.	M6.1 A ordenación deseñada deberá manter a permeabilidade visual.	I 01 Puntos acondicionados para uso e aproveitamento da paisaxe
	M6.2 Evitaranse a formación de pantallas visuais que limiten a visión do val dende a peza.	
Efectos sobre a Natureza: positivos, ao manter o arborado autóctono existente no ámbito, especialmente o castiñeiro de gran porte, que se inxire na rede de espazos libres proposta.	M7.1 Manteranse, de ser posible, as especies arbóreas existentes de maior porte, integrándoas nos espazos libres creados.	I 02 Arboredo: Porcentaxe de arborado en relación á superficie total do espazo libre
	M7.2 As plantacións vexetais nos espazos libres serán preferentemente de orixe autóctono, de xeito que conserven as características ambientais da zona.	
	M7.3 Pularase pola implantación de arboredo nas vías públicas, para mellorar as condicións térmicas, estéticas, paisaxísticas, ambientais, de salubridade e de mellora da calidade de vida.	
	M7.4 Reservarase espazo suficiente para que as árbores poidan desenvolverse tanto no medio aéreo como no subterráneo.	
	M7.5 Os alcorques serán permeables á auga de chuvia e terán un rego localizado para o mantemento das árbores.	
Efectos sobre o patrimonio cultural: positivo, ao poñer en valor os bens do patrimonio cultural próximos ao ámbito da MP, mellorando a súa accesibilidade e posibilidades de disfrute pola cidadanía.	M8.1 Deseñarase un espazo público acorde coa contorna de protección dos bens do patrimonio cultural existentes.	I 03 Puntos acondicionados para uso e aproveitamento dos bens patrimoniais
	M8.2 As novas edificacións deseñaranse tendo en conta os elementos de valor cultural recoñecido.	

Efectos sobre a enerxía	M9.1 Pularase por acadar o maior grado de certificación de eficiencia enerxética nas novas edificacións, para minimizar os custos e reducir as emisións á atmosfera.	I 16 Producción autónoma de enerxía en equipamentos municipais: Número de edificios ou equipamentos con produción autónoma de electricidade, auga quente ou calefacción, mediante sistemas de paneis solares térmicos ou fotovoltaicos, eólica, xeotérmica ou caldeiras de biomasa con subministro local I 17 Sistemas de alumado de baixo consumo: Grao de implantación de sistemas de iluminación de baixo consumo en infraestruturas e equipamentos colectivos existentes ou programados
Efectos sobre a atmosfera	M10.1 Teranse en conta os valores límite de recepción para o ruído ambiente exterior establecidos na lexislación vixente de aplicación, controlando os niveis de presión sonora para o seu cumprimento. M10.2 Os proxectos de urbanización e de edificación deben estudar a incidencia acústica dos viarios locais atendendo en cada ámbito específico á zonificación acústica e dispoñer, de ser o caso, as medidas necesarias para minimizar os efectos da contaminación acústica e das vibracións, tanto a nivel da implantación de barreiras e pantallas anti-ruído, como de maiores esixencias de illamento nas edificacións	I 18 Exposición da poboación á contaminación acústica
Efectos sobre o ciclo hídrico	M11.1 A realización de novas infraestruturas de saneamento ou mellora das existentes farase en estrito cumprimento da lexislación e ordenación territorial sectorial en materia de auga e de costas.	I 19 Poboación con abastecemento de auga potable: poboación con servizo de abastecemento respecto do total municipal. I 20 Poboación con saneamento de augas residuais: poboación con

	M11.2 Establecerase unha rede separativa de pluviais e augas residuais.	servizo de saneamento con respecto do total municipal.
	M11.3 Empregaranse especies vexetais austeras desde o punto de vista hídrico nos espazos públicos e xardíns.	
	M11.5 Pularase polo consumo racional de auga antepoñendo o rego localizado e a regulación dos tempos dos aspersores.	
	M11.6 As láminas de auga dos espazos libres poderán ser de recursos non potables da zona.	
	M11.7 Estableceranse medidas para reducir a impermeabilización do solo.	
Efectos sobre o ciclo dos materiais	M12.1 Garantizarase a xestión adecuada dos residuos.	I 21 Poboación con servizo de recollida selectiva de RU: poboación con servizo de recollida de lixo respecto do total municipal.
	M12.2 Reutilizarase a terra vexetal existente, na medida do posible, no axardinamento dos espazos libres.	

6 ANÁLISE DA COHERENCIA INTERNA E EXTERNA DO PLAN PARCIAL

6.1 Análise da coherencia interna do Plan Parcial

O desenvolvemento sostible é o criterio estratéxico do OPlan Parcial dende as súas primeiras fases de deseño. Deste xeito, o Plan pula polo uso racional do solo, a protección dos valores naturais, ambientais, patrimoniais e paisaxísticos, a mellora da calidade de vida dos cidadáns e o desenvolvemento económico.

Para analizar a coherencia interna do Plan, ponse en relación cos obxectivos establecidos, así como entre estes obxectivos e a conservación e posta en valor dos elementos estratéxicos do territorio, de xeito que se integre todos os obxectivos ambientais en maior ou menor medida.

Para este análise elaborouse unha matriz que permitise representar a valoración do nivel de integración de cada un dos criterios nos obxectivos, resultando o seguinte:

NON INTEGRADO	SEN INCIDENCIA	INTEGRADO	MOI INTEGRADO
NI	S	I	MI

Táboa 11: Coherencia dos obxectivos da MP cos criterios ambientais

VARIABLES	CRITERIOS	OBJECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS DO PLAN							
		OX	OE01	OE02	OE03	OE04	OE05	OE06	OE07
Paisaxe	Deseñar unha ordenación que contribúa á protección da calidade da paisaxe, limitando as actuacións que poidan alterar os seus valores e percepción.	MI	MI	S	S	I	MI	MI	S
	Propoñer medidas que poñan en valor a paisaxe e promovan o seu uso público.	MI	MI	S	S	I	MI	MI	S
	Establecer medidas para a integración visual e paisaxística de novos desenvolvementos en canto a usos, materiais, volume, texturas, etcétera, adecuando as actuacións previstas ás características do medio.	MI	I	S	S	I	I	MI	S
Natureza	Fomentar a utilización dos recursos naturais de xeito compatible coas súas propias características e as da contorna inmediata na que se insiren.	I	I	S	S	S	MI	S	S
	Promover o uso de especies autóctonas e establecer medidas de redución e eliminación de especies alóctonas ou invasoras.	I	I	S	S	S	MI	S	S
Patrimonio	Revitalizar as zonas históricas como ámbitos residenciais e de actividade.	MI	I	I	I	I	I	MI	S
	Poñer en valor os elementos identificados e favorecer a súa accesibilidade e aproveitamento por	MI	I	I	I	I	I	MI	S

arquitecto e avogado

	parte da poboación coas limitacións impostas pola necesidade de preservación.								
	Integrar os elementos patrimoniais nas actuacións sen alterar as súas características, o carácter paisaxístico da súa contorna nin perturbar a súa contemplación.	MI	I	I	I	I	I	MI	
Ocupación do solo	Promover a ocupación dos espazos baleiros das tramas urbanas, dándolle prioridade ás actuacións de rehabilitación e renovación urbana e á ocupación dos espazos antropizados fronte a novas ocupacións do solo.	MI	MI	S	S	S	S	S	MI
Edificacións	Axustar o parque potencial de edificacións á dinámica do Concello	I	I	S	S	S	S	S	I
	Minimizar as posibles afeccións das edificacións sobre a contorna	I	I	S	S	S	S	I	I
Sociedade	Contribuír a unha contorna saudable.	MI	MI	I	S	MI	MI	I	S
	Garantir a non exclusión e favorecer a cohesión social.	MI	MI	I	S	MI	MI	I	I
Economía	Considerar a estrutura socioeconómica do ámbito e da área de influencia.	I	I	S	I	S	S	S	S
Medio urbano	Mellorar a calidade de vida e a habitabilidade.	MI	MI	I	I	MI	MI	I	MI
Mobilidade	Planificar de forma integrada os usos do solo e o transporte co obxectivo de favorecer a accesibilidade e reducir a mobilidade obrigada.	I	I	I	S	S	S	S	S
	Establecer unha zonificación que favoreza a accesibilidade aos principais puntos tractores (servizos, equipamentos, áreas de interese, etcétera).	I	I	I	I	I	I	I	S
	Adequar a planificación aos recursos dispoñibles e previstos, garantindo a viabilidade do subministro e procurando a conexión das novas redes coas existentes.	I	I	S	S	S	S	S	S
Enerxía	Integrar o concepto de eficiencia enerxética no deseño da malla urbana, a través da creación de estruturas compactas e complexas integradas cos tecidos urbanos existentes.	I	I	I	S	S	S	S	S
	Intervir nas características da rede de alumeadado público e dos alumeados exteriores privados con fin de minimizar o consumo enerxético.	I	I	I	S	I	I	S	S
	Establecer un nivel mínimo de enerxías renovables e de autosuficiencia enerxética (tanto para as edificacións e espazos públicos como para os privados) que permita combinar a xeración local coas medidas de aforro e eficiencia.	I	I	S	S	I	I	S	S
Atmosfera	Regular a implantación de actividades que poidan supoñer un incremento nas emisións contaminantes, co obxecto de evitar posibles efectos acumulativos ou sinérxicos.	I	I	I	I	S	S	S	S
	Para os novos desenvolvementos, prever medidas específicas que contribúan a reducir as emisións en canto á edificación (materiais de construción, sistemas de calefacción, etc.) e á mobilidade (eficiencia dos desprazamentos).	I	I	I	S	S	S	S	S
	Establecer as medidas necesarias de cara á redución da contaminación lumínica.	I	I	I	S	S	S	S	S
	Considerar a zonificación acústica na ordenación e establecer medidas de cara a minimizar os efectos das emisións acústicas sobre a poboación, especialmente naquelas zonas sensibles (hospitais, centros educativos, etc.).	I	I	I	I	I	I	S	S
Ciclo hídrico	Estudar a capacidade e o estado dos recursos hídricos para cubrir as demandas dos servizos de abastecemento e saneamento.	I	I	S	I	I	I	S	S

arquitecto e avogado

	Manter a permeabilidade natural dos terreos e reducir ao máximo a superficie de solo impermeabilizada nos procesos urbanísticos, de xeito que se favoreza a dinámica propia do ciclo hídrico, incluíndo técnicas de drenaxe urbana sustentable (TDUS) precisas para garantir cualitativa e cuantitativamente o retorno da auga pluvial ao medio receptor.	I	I	S	S	S	I	S	S
	Valorar as características e a cobertura da rede de saneamento e do sistema de tratamento existente e xustificar a capacidade do servizo para atender á demanda prevista e o cumprimento dos parámetros de vertido ao medio.	I	I	S	S	S	S	S	S
	Prever redes de saneamento de tipo separativo para os novos desenvolvementos (residencial, industrial ou terciario).	I	I	S	I	S	S	S	S
	Fomentar o aproveitamento das augas pluviais e a reutilización das augas residuais.	I	I	S	S	S	S	S	S
C. materiais	Regular as actividades e procesos construtivos para reducir a xeración de residuos e para fomentar a súa recollida selectiva, reutilización e reciclaxe.	I	I	S	S	S	S	S	S
	Garantir a capacidade de recollida e xestión dos residuos urbanos no ámbito municipal.	I	I	S	S	S	S	S	S
	Potenciar a xestión/recollida en orixe da fracción orgánica.	I	I	S	S	S	S	S	S
	Fomentar a recollida selectiva en orixe, como estratexia para obter materiais de calidade que teñan saída no mercado da reciclaxe.	I	I	S	S	S	S	S	S

Concluindo que o Plan Parcial ten un alto nivel de integración dos criterios ambientais expresados.

Do mesmo xeito, avalíouse a relación dos obxectivos xeral e específicos do Plan sobre os elementos estratéxicos do territorio referidos anteriormente, seguindo a mesma metodoloxía, obténdose a táboa:

Táboa 12: Coherencia dos obxectivos do plan coa conservación e posta en valor dos elementos estratéxicos do territorio

ELEMENTOS ESTRATÉXICOS	OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS DO PLAN							
	OX	OE01	OE02	OE03	OE04	OE05	OE06	OE07
Localización: centro da vila de Cambre	MI	MI	I	I	I	I	S	I
Proxección de crecemento forte nos próximos anos.	MI	MI	I	I	I	I	S	I
Alto grado de conectividade e accesibilidade a través da AC-214 e DP-1702.	MI	MI	I	S	S	S	S	I
Alto grado de dinamismo económico no termo municipal	MI	MI	S	MI	S	S	S	S
Paisaxe urbana: a presenza de Santa María de Cambre representa unha oportunidade de mellora da escena urbana ao desenvolver a peza central da vila.	MI	MI	S	S	I	I	I	S
Patrimonio: Ademais do BIC declarado de Santa María de Cambre, existen na contorna outros elementos do patrimonio cultural (campo da feira, vila romana, etcétera).	MI	MI	S	S	I	I	I	S

Por último, avalíouse a coherencia dos obxectivos da MP coa posible resolución dos problemas ambientais detectados no diagnóstico da contorna:

Táboa 13: Coherencia dos obxectivos do plan coa problemática ambiental detectada

PROBLEMAS AMBIENTAIS	OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS DO PLAN							
	OX	OE01	OE02	OE03	OE04	OE05	OE06	OE07
Actuais impactos sobre o patrimonio cultural existente	MI	MI	S	S	I	I	I	S
Actual degradación paisaxística da contorna	MI	MI	S	I	I	I	I	S
Atrancos na correcta mobilidade	MI	I	I	S	S	S	S	I
Vulnerabilidade na contaminación acústica e atmosférica polo emprego do coche	MI	I	I	S	S	S	S	S

Tras o cal podemos concluír que os obxectivos da MP teñen un alto grado de coherencia, tanto interna coma externa, dado que os criterios de sustentabilidade están presentes na formulación do planeamento dende a orixe do proceso.

6.2 Coherencia da alternativa seleccionada e os seus obxectivos coas Directrices de Ordenación do Territorio

As Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) dan cumprimento ao mandato da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do territorio de Galicia, que establece os obxectivos e instrumentos mediante os que se vai desenvolver a ordenación territorial da Comunidade Autónoma. As Directrices de Ordenación do Territorio son de aplicación a todos os instrumentos de ordenación do territorio e ao planeamento urbanístico, como é o caso.

Estas Directrices teñen como finalidade básica “definir un Modelo territorial para Galicia que permita orientar as actuacións sectoriais, dotándoas de coherencia espacial e das referencias necesarias para que se desenvolvan de acordo cos obxectivos xerais da política territorial de Galicia, conformando unha acción de goberno coordinada e eficaz”.

Polo tanto, compre avaliar a coherencia do Plan Parcial e dos seus obxectivos coas DOT, analizando a integración, ou non, das determinación establecidas polas devanditas Directrices.

6.2.1 *Análise de Compatibilidade Estratéxica*

A Análise da Compatibilidade Estratéxica (ACE) do Plan é unha ferramenta de control para verificar a coherencia cos obxectivos e determinacións das Directrices de Ordenación do Territorio. O ACE divídese en tres áreas:

- a. Consideración dos aspectos clave para a sustentabilidade, explicando como se consideran os efectos do plan sobre os aspectos clave detectados nas DOT.
- b. Proceso de decisión, analizando a bondade e calidade do proceso de decisión a través do que se diseña o planeamento.
- c. Relación cos elementos territoriais estratéxicos de Galicia, avaliando a relación dos plans cos elementos estratéxicos identificados na análise obxectiva do contorno realizada nas DOT.

6.2.1.1 *Consideración dos aspectos clave para a sustentabilidade*

CALIDADE DO SOLO	
<i>A posible afección sobre a calidade do solo dende o punto de vista da súa ocupación e degradación.</i>	
Cal é a afección da MP sobre a calidade do solo, dende o punto de vista da ocupación e posible degradación?	BAIXA
A Alternativa Seleccionada coma proposta de MP pula por un planeamento e unha ordenación sustentable, minimizando o consumo de solo e racionalizando o seu uso de acordo cun modelo territorial eficiente e coherente. A Alternativa Seleccionada incorpora criterios de sustentabilidade e estratexias de acción que melloran a calidade de vida e as oportunidades de desenvolvemento. A Alternativa Seleccionada pula pola contención dos solos artificializados e pola protección dos valores naturais, ambientais, e paisaxísticos.	
VOCACIONALIDADE DOS ÁMBITOS	
<i>O modo en que a asignación de usos é coherente coa capacidade produtiva do solo.</i>	
A MP establece os diferentes usos de forma coherente coa capacidade do territorio?	SI

O ámbito da MP localízase no centro da Vila de Cambre; a ordenación proposta designa os usos residencial, terciario, equipamento e espazos libres de acordo as características e capacidades do solo.	
EXPOSICIÓN A RISCOS	
<i>Grao de exposición a riscos, ben sexa resultado da ocupación de espazos que presenten riscos ou pola xestión de actividades que poidan influír en dita exposición.</i>	
Grao de exposición a riscos debido á ocupación de espazos que teñan risco ou debido á xestión de actividades que influán nesa exposición.	ÁREA SEN RISCOS
INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA	
<i>Atende ao modo en que se considera a paisaxe e a integración das actuacións con ela.</i>	
A MP considera a paisaxe coma un elemento estratéxico a protexer?	SI
As actuacións definidas pola MP intégranse convenientemente na paisaxe?	INTEGRACIÓN ALTA
A MP recoñece a paisaxe coma un ben a protexer e potenciar, seguindo o disposto na Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia. A MP realizou un Estudo da Paisaxe, reflectido no Estudo Ambiental Estratéxico, para deseñar a ordenación máis adecuada e establecer as medidas preventivas, incluso correctoras se fose o caso, para unha correcta integración paisaxística dos volumes edificadas.	
CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL	
<i>Grao en que se pode afectar aos espazos de interese natural e cultural recoñecidos.</i>	
Cal é o grao de afección da MP a espazos de interese natural e cultural recoñecidos?	BAIXO
A MP establece obxectivos específicos e ambientais para protexer e potenciar os elementos dos patrimonios naturais e culturais. Intégrase na ordenación o arboredo existente, especialmente o castiñeiro de gran porte que pasa a presidir o espazo libre central da MP. Aínda que no ámbito da MP non existen bens de interese cultural catalogados, a MP define actuacións encamiñadas á posta en valor dos bens existentes na contorna, especialmente Santa María de Cambre (BIC).	
FRAGMENTACIÓN DO TERRITORIO	
SEN INCIDENCIA	

COMPETITIVIDADE ECONÓMICA	
<i>A idoneidade da elección e da localización dos usos en relación ao grao de competitividade económica.</i>	
Grao de competitividade económica	ALTO
A MP pula polo desenvolvemento da peza central da vila de Cambre, establecendo unha ordenación con capacidade para o desenrolo dos usos terciarios, hostaleiros e turísticos, aproveitando as sinerxías froito da súa localización central e da presenza de elementos de interese: Santa María de Cambre, o Concello, o Campo da Feira e a Vila Romana.	
COHESIÓN SOCIAL	
<i>Como se contribúe á promoción da igualdade de oportunidades e de acceso aos servizos públicos.</i>	
A MP promove a igualdade de oportunidades e de acceso aos servizos públicos aos cidadáns?	SI
A MP pula polo urbanismo de proximidade e establece coma obxectivos específicos a completación das redes de dotacións e espazos libres municipais, o que redunda na mellora da calidade de vida dos cidadáns.	
CALIDADE DE VIDA	
<i>Contribución á mellora da calidade de vida dos cidadáns a través do fomento de estilos de vida adaptados ao contorno.</i>	
A MP ordena o territorio de forma que a calidade de vida dos cidadáns mellora, aproveitando as características propias e fomentando estilos de vida adaptados ao contorno?	SI
Ademais do cumprimento dos obxectivos específicos relativos ao reforzo da rede de dotacións e espazos públicos e á mellora das infraestruturas de servizos urbanísticos, a MP pula por potenciar o tráfico peonil e polo urbanismo de proximidade, incrementando a accesibilidade de todos os cidadáns a estes servizos, o que repercute nun incremento da calidade de vida e redunda no incremento da cohesión social.	
GOBERNANZA	
<i>A eficacia, calidade e boa orientación na coordinación coas distintas administracións.</i>	
Nivel de coordinación coas distintas administracións?	EN ESTUDO
A DETERMINAR NAS SEGUINTE FASES DE ELABORACIÓN DO PLAN	
CALIDADE DO AIRE	

<i>En que medida se favorece a consecución dunhas condicións de calidade do aire que permitan un contorno saudable.</i>	
Grao de consecución de condicións de calidade do aire para acadar un contorno saudable.	ALTO
A MP pula pola mellora da conectividade deseñando unha nova rede viaria que completa a existente, pulando polos desprazamentos peonís e a mobilidade sostible, o que significa unha menor dependencia do coche e, polo tanto, unha redución das emisións de gases efecto invernadoiro. Ademais o nivel de arborado é alto, o que axuda eliminar o CO2.	
CALIDADE DA AUGA	
<i>Reflicte como se considera a calidade dos recursos hídricos, tanto no mantemento da calidade como na recuperación das masas degradadas.</i>	
Grao de atención da MP á calidade dos recursos hídricos, en canto ao mantemento da súa calidade e á recuperación de masas degradadas.	ALTO
A MP establece determinacións encamiñadas a xerar unha rede separativa de augas residuais e ao consumo responsable do recurso auga, o que redunda no mantemento da calidade das augas no ciclo hídrico da contorna.	
CONSUMO DE RECURSOS HÍDRICOS	
<i>Refírese á forma en que se consideran as necesidades de recursos hídricos, o esforzo na redución do consumo e a adaptación do planeamento á dispoñibilidade real de recursos hídricos.</i>	
Non se considera substancial a variación da necesidade dos recursos hídricos en relación ao disposto nas NSP vixentes no concello de Cambre, polo que o abastecemento de auga está garantido. Ademais, a MP establece medidas que pulan polo consumo sostible e responsable da auga.	
CONSUMO ENERXÉTICO	
<i>Refírese á forma en que se consideran as necesidades enerxéticas, os esforzos na redución do consumo enerxético e potenciación de enerxías renovables.</i>	
Grao de consideración das necesidades enerxéticas, os esforzos na redución do consumo enerxético e a potenciación de enerxías renovables.	ALTO
A MP xera un modelo de ordenación sustentable e potencia o uso das enerxías renovables,	

establecendo observacións e medidas que pulen por un consumo sostible.	
XERACIÓN DE RESIDUOS	
<i>O modo en que se afronta a xestión de residuos, en especial a redución na xeración.</i>	
Grao de mellora na xestión de residuos.	ALTO
O deseño da ordenación da UE3 establece espazos adecuados para a recollida dos residuos urbanos de forma selectiva de xeito que poidan chegar a ter unha valorización e recuperación para a súa volta ao mercado dos materiais.	
EMISIÓN DE GASES EFECTO INVERNADOIRO	
<i>O modo en que se xestionan as emisións de gases efecto invernadoiro, os esforzos de cara á súa redución.</i>	
Grao de xestión da emisión de gases efecto invernadoiro, ca fin de obter unha redución.	ALTO
A MP diseña una nova rede viaria de distribución que completa a existente, mellorando a conectividade e potenciando os desprazamentos peonís e modalidades de transporte sustentables, o que diminúe a emisión de gases efecto invernadoiro.	
NECESIDADES DE MOBILIDADE	
<i>Como se inflúe nas necesidades de transporte tanto de persoas como de mercadorías.</i>	
A MP considera a mobilidade coma un elemento estratéxico?	SI
A MP establece medidas e actuacións que melloren a eficiencia do transporte de persoas e mercadorías?	SI
A MP entende a mobilidade como un elemento estratéxico dende as súas fases iniciais, establecendo obxectivos específicos para esta variable e pulando por un urbanismo de proximidade, o que facilita a accesibilidade e a mobilidade sostible no ámbito.	
EQUILIBRIO NO REPARTO MODAL	
<i>En relación aos esforzos que se fan para a diminución da dependencia do vehículo privado a través da potenciación doutros modos.</i>	
A MP pula pola diminución da dependencia do vehículo privado e o incremento da mobilidade sostible?	SI
A MP, ao potenciar o urbanismo de proximidade, reduce a dependencia do coche e incrementa as posibilidades de mobilidade sostible, tanto peonil coma de modalidades alternativas.	

6.2.1.2 Proceso de decisión

COHERENCIA EN FERVENZA: RELACIÓN COS OBOECTIVOS DAS DOT	
<i>Avaliar a relación dos obxectivos estratéxicos que motivan o planeamento cos obxectivos das directrices e, no seu caso, obxectivos da planificación intermedia.</i>	
Coherencia da MP e os seus obxectivos cos obxectivos das DOT?	MOI ALTA
Coma quedou explicitado na Memoria Xustificativa, o Plan asume e desenvolve as determinacións das DOT que lle son de aplicación.	
COHERENCIA TRANSVERSAL: RELACIÓN COS OBOECTIVOS DA PLANIFICACIÓN SECTORIAL	
<i>Avaliar a relación dos obxectivos estratéxicos do planeamento cos obxectivos da planificación sectorial existente.</i>	
Coherencia da MP e os seus obxectivos cos obxectivos da planificación sectorial existente?	SEN INCIDENCIA
DEMANDA SOCIAL	
<i>Avaliar a metodoloxía utilizada para a estimación da demanda que motiva as actuacións do planeamento.</i>	
A MP analizou a demanda que motiva as actuacións do planeamento?	SI
Valoración da estrutura demográfica e social tanto do termo coma do ámbito de influencia estudo de cada variable.	
CONSIDERACIÓN DE ALTERNATIVAS. XUSTIFICACIÓN DA ELECCIÓN	
<i>Avaliar se o planeamento é resultado da selección entre varias alternativas e a xustificación da alternativa seleccionada.</i>	
A MP avaliou diversas alternativas de planeamento?	SI
Idoneidade da alternativa seleccionada?	EN PROCESO
A MP baralla tres alternativas, coma quedou referido no presente documento, que foron desenvolvidas e analizadas seleccionando a mellor delas pola súa consecución dos obxectivos da MP.	
IDONEIDADE: A DETERMINAR NAS SEGUINTES FASES DE ELABORACIÓN DO PLAN	
CONSULTAS E COORDINACIÓN	
<i>Avaliar o grao de consenso buscado durante o proceso de planificación, dende a perspectiva de: Participación cidadá. Métodos.</i>	

<i>Consultas a outras administracións públicas. Métodos.</i>	
<i>Coordinación con políticas, plans e normas.</i>	
Grao de consenso buscado durante o proceso de planificación	EN ESTUDO
A DETERMINAR NAS SEGUINTE FASES DE ELABORACIÓN DO PLAN	

6.2.1.3 Relación cos elementos territoriais estratéxicos de Galicia

PAISAXE, PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL	
<i>O patrimonio natural e cultural ten unha gran responsabilidade na configuración da paisaxe constituíndo dous dos principais activos para o desenvolvemento futuro de Galicia.</i>	
<i>Existen paisaxes naturais de enorme atractivo, pero tamén se atopan paisaxes urbanas, núcleos rurais e paisaxes ligadas a actividades agrarias de enorme valor.</i>	
A MP entende coma elementos estratéxicos a paisaxe, o patrimonio natural e o cultural, integrándoos na planificación?	SI
A MP integra, dende as súas primeiras fases, criterios e obxectivos ambientais, redundantes en actuacións de protección e posta en valor dos elementos naturais, ambientais, paisaxísticos e patrimoniais do ámbito.	
PRODUCCIÓN DE ALIMENTOS	
A produción de alimentos de calidade é un dos principais activos da economía galega. Para aprobeitalos é preciso favorecer os procesos de transformación e de comercialización de produtos do agro e do mar e, en particular, aqueles que garanten un beneficio directo aos produtores de base galega.	
SEN EFECTO	
SOLO EMPRESARIAL	
<i>É preciso conxugar eficacia e eficiencia na procura da maior rendibilidade dos investimentos en parques empresariais que favorezan a súa función vertebradora da política territorial, ao seren deseñados en relación coas súas características funcionais e de localización.</i>	
SEN EFECTO	
TURISMO	
<i>É preciso delimitar a especialidade e a eficiencia na creación de ofertas nos destinos turísticos e que xeren combinación de produtos axeitados para cada espazo, singularidades locais, actitudes</i>	

<i>da poboación, e que ao mesmo tempo, permitan unha certa flexibilidade na ordenación en función dos movementos e motivacións da demanda.</i>	
A MP diseña medidas e actuacións que proporcionen unha cobertura para o desenvolvemento do sector turístico?	SI
A MP establece solo para usos terciarios, permitindo o desenvolvemento do sector hostaleiro e turístico aproveitando os xacementos arqueolóxicos da contorna.	
EQUIPAMENTOS E SERVIZOS BÁSICOS	
<i>Os equipamentos e servizos básicos determinan, en gran medida o benestar e a cohesión social. A accesibilidade da cidadanía a eles supón un factor de competitividade territorial que os converte en elementos de dinamización da actividade socioeconómica.</i>	
A MP mellora a rede de servizos básicos e equipamentos?	SI
A MP incrementa a accesibilidade á rede de servizos básicos e equipamentos?	SI
A MP mellora da calidade de vida dos cidadáns xa que completa a rede de equipamentos e espazos públicos existentes nun punto de máxima centralidade na vila de Cualedro.	

7 SEGUIMIENTO AMBIENTAL DO PLAN PARCIAL

O artigo 51 “Seguimento das declaracións ambientais estratéxicas e dos informes ambientais estratéxicos” da Lei 21/2013, de 21 de decembro, de Avaliación Ambiental establece a necesidade dun seguimento dos efectos no medio da aplicación e execución dos plans e programas; deste xeito identificaranse rapidamente os efectos adversos non previstos, permitindo tomar as medidas adecuadas para evitalos.

Por elo, o promotor deberá remitir ao órgano substantivo un informe de seguimento en base ao establecido na declaración ambiental estratéxica ou no informe ambiental estratéxico, se así o determinan. Dito informe reflectirá o cumprimento das determinacións e medidas correctoras especificadas na declaración ou informe ambiental estratéxico.

Coma xa referimos, o ámbito do Plan parcial é moi acotado e pola súa influencia sobre o medio ambiente e co obxectivo de permitir unha actuación inmediata fronte a calquera afección ambiental non prevista que permitan a súa mitigación, corrección ou compensación deberase atender as medidas preventivas establecidas que poderanse controlar mediante unha serie de indicadores.

Establécese así un programa de vixilancia ambiental que permita verificar e avaliar as seguintes cuestións:

- Grao de cumprimento dos obxectivos ambientais propostos.
- Estado de execución das actuacións previstas na ordenación detallada da MP.
- Envergadura dos efectos ambientais negativos derivados da súa posta en marcha.
- Funcionamento das medidas preventivas, correctoras e compensatorias.
- Metodoloxía para a identificación dos efectos ambientais adversos non previstos sobre os elementos do medio.

arquitecto e avogado

Reflectimos na seguinte táboa os indicadores de seguimento en relación ás variables analizadas:

Táboa 14: Indicadores de seguimento por variables ambientais

VARIABLE	INDICADOR	UNIDADE	FONTE	FRECUENCIA	VALOR DE REFERENCIA
PAISAXE	I 01 Puntos acondicionados para uso e aproveitamento da paisaxe	Unidade	Municipal	Bianual	0
	I 02 Arboredo: Porcentaxe de arborado en relación á superficie total do espazo libre	Unidade	Municipal	Bianual	0
PATRIMONIO	I 03 Puntos acondicionados para uso e aproveitamento dos bens patrimoniais	Unidade	Municipal	Bianual	0
SOLO	I 04 Usos do solo	M2	Municipal	Bianual	Valores obtidos nas estatísticas municipais do ano precedente
EDIFICACIÓNS	I 05 Número de vivendas	Unidade	Municipal	Bianual	33
	I 06 Vivenda de protección: Número de vivendas baixo algún réxime de	Unidade	Municipal	Bianual	0

arquitecto e avogado

	protección						
	I 07 Evolución da poboación:						
	Avaliación da N° de IGE				Bianual		3.926
	dinámica da habitantes						
	poboación ao longo do tempo						
	I 08 Crecemento vexetativo: Permite medir o crecemento ou a regresión en termos de poboación	N° de habitantes	IGE		Bianual		Valores obtidos nas estatísticas municipais do ano precedente
	I 09 Acceso á sociedade da información:						
	Porcentaxe de vivendas con %		IGE		Bianual		Valores obtidos nas estatísticas municipais do ano precedente
	conexión de banda ancha (ADSL, RDSI, Rede de cable)						
	I 10 Superficie de parques públicos e zonas verdes en relación ao número de habitantes: Permite avaliar a dispoñibilidade de espazos de socialización e ocio ao aire libre	m2/hab.	Municipal		Bianual		Valores obtidos nas estatísticas municipais do ano precedente
	I 11 Taxa total de emprego: A taxa de emprego defínese	%	IGE		Bianual		Valores obtidos nas estatísticas

	como a proporción de persoas ocupadas dentro do grupo de poboación con idade comprendida entre os 15 e os 64 anos. A súa evolución positiva asóciase con maiores niveis de cohesión social e calidade de vida					municipais do ano precedente
	I 12 Accesibilidade a servizos públicos (abundancia): Informa sobre o número de dotacionais totais (existentes e proxectados) no planeamento en relación ao número de habitantes					Comparación cos valores obtidos nas estatísticas municipais do ano precedente.
MEDIO URBANO	Número de habitantes por tipo de equipamento	Definidos pola MP			Revisión ou modificación do planeamento vixente	
	I 13 Mobilidade sostible: percorridos adaptados ás modalidades de mobilidade sostible.	Km.	Municipal	Bianual		0
MOBILIDADE						Valores obtidos nas estatísticas municipais do ano precedente
	I 14 Número de aparcadoiros	Unidade	Municipal	Bianual		
	I 15 Percorridos con	Unidade	Municipal	Bianual		1

arquitecto e avogado

	parada do transporte público interurbano no ámbito				
ENERXÍA	I 16 Producción autónoma de enerxía en equipamentos municipais: Número de edificios ou equipamentos con produción autónoma de electricidade, auga quente ou calefacción, mediante sistemas de paneis solares térmicos ou fotovoltaicos, eólica, xeotérmica ou caldeiras de biomasa con subministro local	Unidade	Municipal	Bianual	Comparación cos valores obtidos nas estatísticas municipais do ano precedente.
	I 17 Sistemas de alumado de baixo consumo: Grao de implantación de sistemas de iluminación de baixo consumo en infraestruturas e equipamentos colectivos existentes ou programados	Unidade	Municipal	Bianual	Comparación cos valores obtidos nas estatísticas municipais do ano precedente
ATMOSFERA	I 18 Exposición da poboación á contaminación acústica				Valores obtidos nas estatísticas municipais

arquitecto e avogado

						do	ano
						precedente	
CICLO HÍDRICO	I 19	Poboación con abastecemento de auga potable: poboación con %	Municipal	Bianual	100%		
		servizo de abastecemento respecto do total municipal.					
CICLO MATERIAIS	I 20	Poboación con saneamento de augas residuais: poboación con %	Municipal	Bianual	100%		
		servizo de saneamento con respecto do total municipal.					
CICLO MATERIAIS	I 21	Poboación con servizo de recollida selectiva de RU: poboación con %	Municipal	Bianual	100%		
		servizo de recollida de lixo respecto do total municipal.					

8 RESUMO NON TÉCNICO DO EAE

O Estudo Ambiental Estratexico (EAE) é o resultado da primeira fase do proceso de Evaluación Ambiental Estratexica a que se encontra sometido o Plan Parcial do sector de solo urbanizable non delimitado Terciario-Industrial denominado "SUND 01 A Brea" do PXOM de Cualedro. O EAE se elabora tendo en conta o Documento de Alcance elaborado polo órgano ambiental e identifica, describe e avalía os posibles efectos ambientais significativos que se derivarán da aplicación do plan, así coma unhas alternativas técnica e ambientalmente viables.

O Plan Parcial "SUND 01 A Brea" pretende elaborar unha ordenación urbanística sostible, integrada no entorno, de calidade, que materialice un aproveitamento axeitado e de acordo á lexislación urbanística vixente.

Este ESAE ten por obxecto analiza-la viabilidade, dende o punto de vista medio ambiental do Plan Parcial, para o que estruturase da seguinte forma:

- ESBOZO DO CONTIDO DA PROPOSTA, no que se define a xustificación e motivación do Plan Parcial no marco de cumprimento do PXOM, tendo en conta a necesidade de cubrir a demanda existente de solo cualificado para usos industriais e terciarios, relacionada co aproveitamento das sinerxias locais e nun punto de máxima accesibilidade, co fin de desenvolver económica o poboacionalmente o concello, coa xeración dunha nova área de actividade de calidade con efectos positivos no ámbito económico de fixación poboacional, permitindo ordear e mellorar o estado actual, fomentando medidas e accións positivas na meirande parte das variables ambientais.

Continuase o esbozo coa súa incardinación no marco normativo vinculante, cunha descrición xeral do seu ámbito de actuación e alcance temporal, cunha definición dos obxectivos principais do Plan Parcial, cun obxectivo específico de potenciar o desenvolvemento económico relacionado coa transformación e o sector servizos, conformado, entre outras, pola estratexia de desenvolver un solo de uso terciario-industrial. Defínense os obxectivos ambientais con atención ao modelo territorial e ocupación do solo; conservación do medio; e metabolismo.

Detérmanse as principais actuacións propostas: Plan Parcial, Proxecto de Expropiación, Proxecto de Urbanización, Execución de obras de urbanización, Recepción das mesmas e obtención de licencias de edificación, con fixación dun programa temporal

Finalízase o esbozo co establecemento da relación con outros plans e programas, estudando as Directrices de Ordenación do Territorio, o Plan Sectorial de Ordenación de Áreas empresariais da CCAA de Galicia, o Plan Sectorial Eólico, o Plan de Xestión de

residuos urbanos de Galicia (2010-2020), o Plan de Saneamento de Galicia (2010-2015), Plan Auga (2010-2025), o Plan territorial de emerxencia de Galicia (2009) e o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (2016).

- **DIAGNOSE AMBIENTAL DO ÁMBITO TERRITORIAL DE APLICACIÓN**

- o Comézase cos aspectos relevantes da situación actual do medio, e dicir, localización, topográfica e relevo: Xeomorfoloxía e litoloxía, climatoloxía, hidroloxía, usos do solo, vexetación e fauna, espazos naturais especialmente protexidos ou fráxiles, e a paisaxe.

Tamén se trata a contorna urbana con relación a rede viaria existente, en concreto, o enlace da A-52; as infraestructuras de servizos: Redes de abastecemento de auga potable, de saneamento, de subministro de enerxía eléctrica, de telecomunicacións, de subministro de gas; a poboación, o patrimonio histórico e exposición de riscos naturais e tecnolóxicos, concluíndo un Mapa de Riscos: contorna e ámbito do Plan Parcial.

- o Continúase coas características ambientais das zonas que poidan verse afectadas de xeito significativo, diagnosticando os elementos estratéxicos do territorio con relevancia para o planeamento, e as variables que poidan verse afectadas de xeito significativo.
- o Séguese a diagnose co tratamento dos problemas ambientais existentes que sexan relevantes para o Plan Parcial, en particular, os impactos sobre o patrimonio cultural: Ben Cultural dos Miliarios de Lamas; a actual degradación paisaxística por mor da Autovía A-52; a mobilidade; e a contaminación acústica e atmosférica polo emprego do coche

- **OBXECTIVOS DE PROTECCIÓN AMBIENTAL E SELECCIÓN DE ALTERNATIVAS**

- o Determínanse os criterios xerais do Plan Parcial: Axuste o parcelario, ordenación racional; posta en valor de elementos con interese paisaxístico, natural e ambiental; entender a paisaxe coma un recurso; e garantir a proporcionalidade entre os volumes construídos e o espazo libre público

Defínense as variables e criterios ambientais estratéxicos

- o Fíxanse os obxectivos do Plan Parcial e as súas extratexias. En particular establécense os obxectivos ambientais.
- o Determinados os obxectivos se procede a avaliación da coherencia dos obxectivos xerais e específicos do Plan cos obxectivos ambientais.

- o Ademais se establecen as alternativas, dado que no proceso e deseño do Plan Parcial xorden opcións para acadar os obxectivos de planeamento esablecidos. Aquelas opcións plasmanse nas seguintes alternativas:
 - Alternativa 0 : Manter a situación actual
 - Alternativa 1: Desenvolver unha ordenación adaptada ás condicións de localización, edificación, usos, ordenación e parámetros urbanísticos do PXOM vixente, cun único polígono de xestión, e realizando as obras de urbanización de todo o sector nunha única fase.
 - Alternativa 2: Desenvolver unha ordenación en base ás mesmas condicións da Alternativa 1, tamén cun único polígono de xestión, pero desenvolvendo as obras de urbanización en dúas fases.
 - o E se conclue coa especificación dos motivos da selección das alternativas consideradas cun resumo da proposta de alternativa seleccionada, orzamento estimado e calendario aproximado de realización das actuacións.
- ANALISE DOS PROBABLES EFECTOS SIGNIFICATIVOS NO MEDIO: Realízase unha aproximación aos posibles efectos ambientais do desenvolvemento das Alternativas sobre o medio ambiente en cada unha das variables ambientais na procura da Alternativa que de a resposta máis adecuada á situación actual e sexa máis coherente cos obxectivos fixados. Neste senso, se analizan:
 - o Efectos sobre a ocupación do solo
 - o Efectos sobre a poboación
 - o Efectos sobre a economía
 - o Efectos sobre a mobilidade
 - o Efectos sobre a paisaxe
 - o Efectos sobre a Natureza
 - o Efectos sobre o patrimonio cultural
 - o Efectos sobre a enerxía
 - o Efectos sobre a atmosfera
 - o Efectos sobre o ciclo hídrico
 - o Efectos sobre o ciclo dos materiais
 - o Efectos ambientais previsibles durante a fase de urbanización
 - Efectos ambientais sobre a atmosfera
 - Efectos ambientais sobre o solo
 - Efectos ambientais sobre a xestión de residuos

- MEDIDAS PREVISTAS: MEDIDAS DE PREVENCIÓN E CORRECCIÓN DE EFECTOS SIGNIFICATIVOS SOBRE O MEDIO AMBIENTE E A SUSTENTABILIDADE DO SUND 01 SOLO URBANIZABLE NON DELIMITADO TERCIARIO-INDUSTRIAL DE A BREA
 - o MEDIDAS DE PREVENCIÓN E CORRECTORAS A TER EN CONTA NO DESENVOLVEMENTO DO PLAN PARCIAL.
 - o MEDIDAS DE PREVENCIÓN E CORRECTORAS A TER EN CONTA NO PROXECTO DE URBANIZACIÓN PARA MINIMIZAR OS POSIBLES EFECTOS NEGATIVOS NO AMBIENTE NA FASE DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN.
 - o MEDIDAS DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL A TER EN CONTA NA FASE DE EXPLOTACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL.

- ANALISE DA COHERENCIA INTERNA E EXTERNA DO PLAN PARCIAL
 - o Realízase unha análise da coherencia interna dos obxectivos da MP cos criterios ambientais, e dos obxectivos do plan coa problemática ambiental detectada.
 - o E conclúese a análise coa coherencia da alternativa seleccionada e os seus obxectivos coas Directrices de Ordenación do Territorio. Neste punto se realiza unha Análise da Compatibilidade Extratexica, con consideración dos aspectos clave para a sustentabilidade, o proceso de decisión e a relación cos elementos territorias extratéxicos de Galicia.

- SEGUIMIENTO AMBIENTAL DO PLAN PARCIAL, coa fixación de indicadores de seguimento por variables ambientais.

Listado de ilustracións

Ilustración 1: Ámbito do Plan Parcial	13
Ilustración 3: Foto aérea de conxunto do ámbito da MP	23
Ilustración 4: Imaxes	23
Ilustración 6: Xeoloxía	24
Ilustración 10: Usos do solo.....	26
Ilustración 11: Arboredo do ámbito	29
Ilustración 12: Arboredo do ámbito	29
Ilustración 13: Hábitats 4090.....	37
Ilustración 14: Espazos naturais protexidos.....	37
Ilustración 15: Paisaxe	38
Ilustración 16: Ficha municipal - sociedade.....	43
Ilustración 18: Alternativa 1	57
Ilustración 19: Alternativa 2	57

Listado de táboas

Táboa 1: Evolución da poboación en Cualedro	22
Táboa 2: Vexetación potencial - flora	28
Táboa 3: Banco de Datos da Biodiversidade.....	30
Táboa 5: Evolución da poboación	43
Táboa 6: Elementos estratéxicos do territorio con relevancia para o planeamento.....	46
Táboa 7: Variables e criterios de sustentabilidade ambiental	50
Táboa 9: Coherencia dos obxectivos xerais e específicos da MP cos obxectivos ambientais.....	56
Táboa 1: Coherencia das Alternativas en relación cos obxectivos do Plan de Sectorización.....	58
Táboa 2: Integración das variables ambientais nas Alternativas	59
Táboa 14: Táboa de actuacións, efectos, medidas e indicadores	75
Táboa 15: Coherencia dos obxectivos da MP cos criterios ambientais	80
Táboa 16: Coherencia dos obxectivos do plan coa conservación e posta en valor dos elementos estratéxicos do territorio.....	82

Táboa 17: Coherencia dos obxectivos do plan coa problemática ambiental detectada.....	83
Táboa 18: Indicadores de seguimento por variables ambientais.....	93

9 CARTOGRAFÍA

Código	Título	Escala
EAE 01	Mapa de riscos	10000
EAE 02	Alternativa 0	1000
EAE 03	Alternativa 1	1000
EAE 04	Alternativa 2	1000

Xullo de 2018

Polo equipo redactor,

Asdo. **Manuel María González Vázquez**

arquitecto e avogado